



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 355
13 de setembro de 2018

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 35436 (10/POC-005636)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos incumprimentos da normativa aplicable detectados nos vehículos do transporte sanitario urgente [117089](#)

I 35446 (10/POC-005637)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á relación contractual que está a manter cos centros concertados para a prestación do servizo de diálise, a situación na que se atopa a regularización das contratacións e as actuacións levadas a cabo para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas na materia, así como as razóns da demora na elaboración dun plan específico de saúde renal e das variacións detectadas por ese organismo nos servizos de hemodiálise [117091](#)

I 35451 (10/POC-005639)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento na actualidade da normativa vixente en materia de incompatibilidades en relación co persoal sanitario do Sergas, así como as súas previsións relativas ao desenvolvemento dalgunha medida ao respecto [117094](#)

I 35453 (10/POC-005640)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a planificación existente no Hospital Comarcal do Salnés en relación coa atención aos partos durante os meses de verán e as razóns que hai para continuar pechando servizos nel na época estival [117096](#)

I 35457 (10/POC-005641)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da aplicación en Galicia do Código de boas prácticas bancarias e as sancións impostas polo Banco de España, así como as actuacións levadas a cabo ou previstas para a aplicación por esas entidades de medidas xustas ás persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca [117098](#)

I 35461 (10/POC-005642)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación na que se atopa o transporte sanitario terrestre, as actuacións previstas no caso dunha sentenza xudicial que determine a existencia de irregularidades na concesión do servizo e as medidas que vai adoptar en relación co informe policial referido ao incumprimento nas ambulancias das medidas de seguridade establecidas [117103](#)

I 35466 (10/POC-005643)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das baixas e xubilacións das matronas, as actuacións que vai levar a cabo para resolver a carencia delas na provincia de Ourense, en especial, na atención primaria, e o cumprimento do disposto no Plan integral de saúde da muller en Galicia, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde ao respecto [117105](#)

I 35471 (10/POC-005644)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego da situación na que se atopan os traballos de conservación e mantemento que se están a realizar na ponte de Rande e as consecuencias que tería a imposibilidade de evacuar os carrís exteriores no caso de emerxencia [117107](#)

I 35474 (10/POC-005645)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa pretensión do Goberno central de unificar as axudas de carácter asistencial e a demanda do traspaso da súa xestión á Xunta de Galicia, así como a súa opinión en relación co nivel de cobertura actual e a contía das actuais prestacións por desemprego [117110](#)

I 35476 (10/POC-005646)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións laborais dos técnicos en coidados auxiliares de enfermaría (TCAE) do novo hospital de Vigo referidas ao traslado das bolsas da roupa sucia e a retirada dos expedientes sancionadores iniciados, as razóns da empresa concesionaria para non asumir esa función e o seguimento que fai o Sergas da dispoñibilidade por esta do persoal necesario para a prestación dos servizos concesionados [117113](#)

I 35478 (10/POC-005647)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para procurar unha saída consensuada ás demandas dos médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Uni-

versitario de Ourense referidas á redistribución das áreas de descanso vixente desde o 10 de maio de 2018 e as razóns técnicas dos cambios introducidos [117117](#)

I 35480 (10/POC-005648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as baixas e vacacións do persoal facultativo do servizo de pediatría en Burela, Cervo e San Cibrao, así como as medidas previstas para evitar a repetición da situación xerada con esa decisión [117122](#)

I 35481 (10/POC-005649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o resultado das xestións realizadas polo Goberno galego ante o Banco de Santander para o mantemento en Galicia da marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada, e as súas previsións respecto da realización das actuacións precisas para ese fin, así como para evitar a destrución dos postos de traballo [117125](#)

I 35483 (10/POC-005650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas e mellorar o nivel que presentan en Galicia en relación co resto do Estado, así como a súa opinión sobre a súa contía actual e a incidencia para as persoas galegas xubiladas das medidas impulsadas polo Goberno central [117129](#)

I 35485 (10/POC-005651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Sergas respecto da recuperación dos acordos de mellora das condicións laborais e salariais do seu persoal suspendidos desde o ano 2010 [117134](#)

I 35487 (10/POC-005652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas, as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central do aumento do número de prazas para adaptar as de formación polo sistema de residencia MIR e EIR que se ofertan en Galicia ás necesidades reais do Sergas, así como a presentación dun plan de estabilidade no emprego para a súa negociación na mesa sectorial [117138](#)

I 35489 (10/POC-005653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da contía das pensións non contributivas e as actuacións previstas para mellorar a situación dos seus perceptores [117142](#)

I 35492 (10/POC-005654)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre os datos referidos ás camas e aos servizos que se van pechar durante os meses de verán nos hospitais do Sergas, así como ás vacacións do persoal que se van cubrir en cada área sanitaria e o plan que se vai desenvolver diante das situacións de colapso que se están a producir na rede hospitalaria pública [117146](#)

I 35496 (10/POC-005655)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o prazo previsto para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña no novo edificio dese hospital e as actuacións que mentres tanto vai levar a cabo o Goberno galego na cociña actual, así como a súa opinión respecto da garantía nesta das condicións de seguridade laboral necesarias [117149](#)

I 35500 (10/POC-005656)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre os datos do Goberno galego referidos ao uso do dispositivo intrauterino Essure polas mulleres en Galicia e os efectos adversos que lles está a ocasionar, a existencia dalgún protocolo no Sergas para a súa retirada, así como o que se estaba a seguir en relación coa información e consentimento para a súa implantación [117153](#)

I 35502 (10/POC-005657)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis**

Sobre o estado de execución no que se atopan as obras de reforma da ponte da Barca, na estrada PO-531, entre os concellos de Pontevedra e Poio, así como o plan que se está a manexar para minimizar o seu impacto no tráfico [117155](#)

I 35504 (10/POC-005658)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para a licitación e adxudicación das obras de execución do proxecto de acondicionamento e mellora da seguridade da estrada PO-531 na Devesa, segunda fase, correspondente á clave PO/17/001.06, as principais demandas reflectidas nas alegacións presentadas ao proxecto e o resultado da súa análise e estudo [117157](#)

I 35509 (10/POC-005660)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar os abusos na suba do prezo da electricidade para as persoas usuarias e a incidencia que está a ter para os fogares o pagamento do recibo, a súa opinión referida á suficiencia da política contra pobreza enerxética que está a desenvolver e as medidas adoptadas ou que vai adoptar respecto disto [117159](#)

I 35519 (10/POC-005661)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar as reiteradas verteduras que se veñen producindo no río Támea e os seus afluentes, as medidas que vai levar a cabo para restaurar e garantir as súas óptimas condicións ambientais e sanitarias, así como os datos referidos ás sancións impostas ao respecto desde o ano 2010 e o estado da investigación referida á vertedura detectada o 8 de maio de 2018

[117162](#)**I 35521 (10/POC-005662)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación das mulleres no desenvolvemento das súas carreiras como científicas e tecnólogas en Galicia, así como a denuncia dunha investigadora referida á súa suposta discriminación por causa da súa maternidade e as medidas previstas ao respecto

[117166](#)**I 35523 (10/POC-005663)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as demandas que vai realizar o Sergas ao Concello de Tui en relación coas repercusións que ten na asistencia sanitaria do centro de saúde a instalación de atraccións de feira, con motivo das festas patronais, na explanada contigua ao centro

[117171](#)**I 35529 (10/POC-005664)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as demandas do Goberno galego ao Goberno central dalgunha medida para abaratar a factura da electricidade, a súa valoración en relación coa constante suba do seu prezo e súa opinión referida á necesidade de reducir o IVE aplicado á factura eléctrica, as súas intencións respecto da introdución de modificacións na súa política fiscal no que atinxe á enerxía, así como do esforzo que está a facer en materia de enerxía renovable para a produción de enerxía eléctrica

[117174](#)**I 35532 (10/POC-005665)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as razóns do Goberno galego para non xestionar de xeito eficaz a cobertura de prazas durante as baixas e vacacións do persoal nos centros de atención primaria, así como as súas previsións respecto de dotar o centro de saúde do Temple, no concello de Cambre, dun pediatra en rolda de tarde e dun fisioterapeuta máis para evitar as listas de espera actuais

[117178](#)**I 35533 (10/POC-005666)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as irregularidades detectadas pola Inspección de Traballo nas contratacións de persoal substituto do Sergas

[117180](#)

I 35535 (10/POC-005667)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e económicos necesarios para o desenvolvemento do Plan galego de prevención de suicidios, a supervisión da súa implantación e execución e a posta en marcha dun programa de formación dirixido aos profesionais da sanidade para o tratamento temperán dos factores que inciden neles [117182](#)

I 35537 (10/POC-005668)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o contido do convenio asinado entre o Sergas e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación do disposto no Plan nacional para a abordaxe da hepatitis C no Sistema nacional de saúde, así como o número de persoas reclusas tratadas coa medicación indicada [117185](#)

I 35539 (10/POC-005669)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións e as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas e deficiencias detectadas na xestión e funcionamento do servizo de atención de emerxencias desde o seu traslado ao novo centro da Estrada, as súas previsións para o conxunto dos servizos de emerxencias de Galicia, así como a reversión das privatizacións deses servizos e a asunción da súa xestión directa [117188](#)

I 35540 (10/POC-005670)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as directrices da paisaxe no prazo comprometido e a súa valoración respecto da realización de proxectos de parques eólicos antes da súa aprobación [117191](#)

I 35633 (10/POC-005671)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a consolidación, conservación e accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, o seu réxime patrimonial actual e as súas previsións respecto do requirimento de responsabilidades polo seu estado, así como a avaliación da idoneidade de planificar traballos para a súa restauración, conservación e posta en valor [117194](#)

I 35636 (10/POC-005672)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas denuncias referidas ás deficiencias e carencias existentes en materia de infraestruturas, de medios humanos e de materiais na residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra, así como as medidas e o prazo previsto para o seu arranxo [117199](#)

I 35637 (10/POC-005673)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

[117203](#)**I 35639 (10/POC-005674)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense, as razóns da demora na execución das obras para a súa reforma e acondicionamento, e o seguimento pola consellaría dalgún plan para consensuar coa comunidade educativa ou cos colexios profesionais do sector as condicións de funcionamento necesarias para a súa reapertura, así como o establecemento das canles de diálogo co seu persoal orixinal

[117207](#)**I 35641 (10/POC-005675)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias detectadas na atención que se está a prestar en materia de cirurxía pediátrica en Ourense

[117211](#)**I 35643 (10/POC-005676)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir a baixa da profesional que atende o Servizo de Pediatría no Centro de Saúde de Escarón, no concello do Saviñao, e as previsións ao respecto

[117215](#)**I 35649 (10/POC-005677)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto, na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas ante a problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e o número de tarxetas adscritas ao centro

[117218](#)**I 35666 (10/POC-005678)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de poñer en marcha unha estratexia galega de atención ás persoas con dano cerebral adquirido e crear un censo delas para dimensionar de xeito adecuado os recursos necesarios, así como as súas intencións en relación coa implantación da categoría diagnóstica «dano cerebral adquirido» e a garantía da atención no tempo e na forma para evitar as secuelas derivadas das demoras na rehabilitación

[117222](#)

I 35667 (10/POC-005679)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre o ataque dunha manda de cans padecido por unha veciña do concello da Estrada a mediados do mes de agosto de 2018, as actuacións levadas a cabo e as medidas provisionais previstas polo Goberno galego ao respecto

[117226](#)**I 35670 (10/POC-005680)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao prazo de construción, o orzamento, as prestacións e os servizos do novo centro de saúde de Poio, o mantemento dos consultorios periféricos de Raxó e Combarro e a adopción de medidas para acabar coas listas de espera nese concello

[117228](#)**I 35675 (10/POC-005681)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as razóns da demora da Consellería de Sanidade na posta en marcha das medidas reflectidas no acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 para a mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose, as actuacións levadas a cabo e as previstas ao respecto

[117231](#)**I 35728 (10/POC-005682)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis**

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da posibilidade de dotar de recursos suficientes o punto de encontro familiar de Vigo co fin de permitir o seu funcionamento ao longo de todo o ano

[117236](#)**I 35731 (10/POC-005683)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida ás condicións laborais dos traballadores e traballadoras da fábrica de Sargadelos en Cervo, así como as actuacións previstas en relación co seu posible pechamento e o mantemento do seu legado cultural

[117239](#)**I 35734 (10/POC-005684)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre os informes que posúe a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento do Plan de asistencia integral á saúde da muller en Galicia e as actuacións que se están a levar a cabo para a súa aplicación, así como as medidas adoptadas para garantir a interrupción voluntaria do embarazo e os dereitos sexuais e reprodutivos na rede sanitaria pública

[117243](#)**I 35736 (10/POC-005685)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre os informes da comisión mixta de seguimento referidos á prestación de servizos por parte da empresa concesionaria no novo hospital de Vigo, o papel que está a desenvolver ao respecto a persoa representante da Xunta de Galicia no consello de administración e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral relacionado coas bolsas de roupa sucia [117246](#)

I 35740 (10/POC-005687)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias e carencias detectadas no funcionamento do Hospital Psiquiátrico de Conxo [117249](#)

I 35743 (10/POC-005688)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación dos informes recibidos polo Sergas respecto do problema detectado nos contedores que transportan o instrumental cirúrxico esterilizado nos hospitais de Vigo, así como as medidas previstas para resolver a situación [117251](#)

I 35747 (10/POC-005689)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do asinamento dun convenio entre o Sergas, a Cruz Vermella e a Fundación La Caixa para a atención psicosocial de persoas con enfermidade avanzada na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña, a existencia de máis convenios deste tipo noutras EOXI e as previsións do Goberno galego respecto do incremento do número destes profesionais no Sistema público de saúde [117253](#)

I 35749 (10/POC-005690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar a expansión do cultivo e procesado da castaña como medio para recuperar o dinamismo económico e fixar poboación no medio rural [117255](#)

I 35750 (10/POC-005691)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a xustificación do Goberno galego para non dotar o Sergas dos medios suficientes para a prestación da asistencia sanitaria e recorrer de xeito estrutural á prestación de servizos nel por medio de concertos coa sanidade privada [117258](#)

I 35760 (10/POC-005692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias detectadas na atención que se está a prestar en materia de cirurxía pediátrica en Ourense [117261](#)

I 35764 (10/POC-005693)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para dotar o Centro de Saúde de Arcade de profesionais suficientes para atender a súa demanda asistencial [117265](#)

I 35765 (10/POC-005694)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o desprazamento da ambulancia de Mos para asistir unha muller falecida en Nigrán e o colapso producido no Servizo de Urgencias de Pontevedra durante o estado de alerta laranxa por altas temperaturas en Galicia, a valoración do Goberno galego ao respecto e as súas previsións en relación coa atención ás e aos profesionais sanitarios co fin de reforzar os servizos necesarios para evitar estas situacións, así como a súa opinión referida ao número de servizos dispoñibles para a atención de urxencias, emerxencias e traslados [117267](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de setembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 35436 (10/POC-005636)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos incumprimentos da normativa aplicable detectados nos vehículos do transporte sanitario urxente

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35446 (10/POC-005637)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á relación contractual que está a manter cos centros concertados para a prestación do servizo de diálise, a situación na que se atopa a regularización desas contratacións e as actuacións levadas a cabo para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas na materia, así como as razóns da demora na elaboración dun plan específico de saúde renal e das variacións detectadas por ese organismo nos servizos de hemodiálise

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35451 (10/POC-005639)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento na actualidade da normativa vixente en materia de incompatibilidades en relación co persoal sanitario do Sergas, así como as súas previsións relativas ao desenvolvemento dalgunha medida ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35453 (10/POC-005640)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a planificación existente no Hospital Comarcal do Salnés en relación coa atención aos partos durante os meses de verán e as razóns que hai para continuar pechando servizos nel na época estival

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35457 (10/POC-005641)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da aplicación en Galicia do Código de boas prácticas bancarias e as sancións impostas polo Banco de España, así como as actuacións levadas a cabo ou previstas para a aplicación por esas entidades de medidas xustas ás persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35461 (10/POC-005642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación na que se atopa o transporte sanitario terrestre, as actuacións previstas no caso dunha sentenza xudicial que determine a existencia de irregularidades na concesión do servizo e as medidas que vai adoptar en relación co informe policial referido ao incumprimento nas ambulancias das medidas de seguridade establecidas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35466 (10/POC-005643)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das baixas e xubilacións das mulleres, as actuacións que vai levar a cabo para resolver a carencia delas na provincia de Ourense, en especial, na atención primaria, e o cumprimento do disposto no Plan integral de saúde da muller en Galicia, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35471 (10/POC-005644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da situación na que se atopan os traballos de conservación e mantemento que se están a realizar na ponte de Rande e as consecuencias que tería a imposibilidade de evacuar os carrís exteriores no caso de emerxencia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35474 (10/POC-005645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa pretensión do Goberno central de unificar as axudas de carácter asistencial e a demanda do traspaso da súa xestión á Xunta de Galicia, así como a súa opinión en relación co nivel de cobertura actual e a contía das actuais prestacións por desemprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35476 (10/POC-005646)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións laborais dos técnicos en coidados auxiliares de enfermaría (TCAE) do novo hospital de Vigo referidas ao tras-

lado das bolsas da roupa sucia e a retirada dos expedientes sancionadores iniciados, as razóns da empresa concesionaria para non asumir esa función e o seguimento que fai o Sergas da dispoñibilidade por esta do persoal necesario para a prestación dos servizos concesionados
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35478 (10/POC-005647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para procurar unha saída consensuada ás demandas dos médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas á redistribución das áreas de descanso vixente desde o 10 de maio de 2018 e as razóns técnicas dos cambios introducidos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35480 (10/POC-005648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as baixas e vacacións do persoal facultativo do servizo de pediatría en Burela, Cervo e San Cibrao, así como as medidas previstas para evitar a repetición da situación xerada con esa decisión

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35481 (10/POC-005649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o resultado das xestións realizadas polo Goberno galego ante o Banco de Santander para o mantemento en Galicia da marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada, e as súas previsións respecto da realización das actuacións precisas para ese fin, así como para evitar a destrución dos postos de traballo

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35483 (10/POC-005650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas e mellorar o nivel que presentan en Galicia en relación co resto do Estado, así como a súa opinión sobre a súa contía actual e a incidencia para as persoas galegas xubiladas das medidas impulsadas polo Goberno central

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35485 (10/POC-005651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Sergas respecto da recuperación dos acordos de mellora das condicións laborais e salariais do seu persoal suspendidos desde o ano 2010

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35487 (10/POC-005652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas, as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central do aumento do número de prazas para adaptar as de formación polo sistema de residencia MIR e EIR que se ofertan en Galicia ás necesidades reais do Sergas, así como a presentación dun plan de estabilidade no emprego para a súa negociación na mesa sectorial

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35489 (10/POC-005653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da contía das pensións non contributivas e as actuacións previstas para mellorar a situación dos seus perceptores

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35492 (10/POC-005654)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os datos referidos ás camas e aos servizos que se van pechar durante os meses de verán nos hospitais do Sergas, así como ás vacacións do persoal que se van cubrir en cada área sanitaria e o plan que se vai desenvolver diante das situacións de colapso que se están a producir na rede hospitalaria pública

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35496 (10/POC-005655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o prazo previsto para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña no novo edificio dese hospital e as actuacións que mentres tanto vai levar a cabo o Goberno galego na cociña actual, así como a súa opinión respecto da garantía nesta das condicións de seguridade laboral necesarias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35500 (10/POC-005656)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os datos do Goberno galego referidos ao uso do dispositivo intrauterino Essure polas mulleres en Galicia e os efectos adversos que lles está a ocasionar, a existencia dalgún protocolo no Sergas para a súa retirada, así como o que se estaba a seguir en relación coa información e consentimento para a súa implantación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35502 (10/POC-005657)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis

Sobre o estado de execución no que se atopan as obras de reforma da ponte da Barca, na estrada PO-531, entre os concellos de Pontevedra e Poio, así como o plan que se está a manexar para minimizar o seu impacto no tráfico

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35504 (10/POC-005658)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a licitación e adxudicación das obras de execución do proxecto de acondicionamento e mellora da seguridade da estrada PO-531 na Devesa, segunda fase, correspondente á clave PO/17/001.06, as principais demandas reflectidas nas alegacións presentadas ao proxecto e o resultado da súa análise e estudo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35509 (10/POC-005660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar os abusos na suba do prezo da electricidade para as persoas usuarias e a incidencia que está a ter para os fogares o pagamento do recibo, a súa opinión referida á suficiencia da política contra pobreza enerxética que está a desenvolver e as medidas adoptadas ou que vai adoptar respecto disto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35519 (10/POC-005661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar as reiteradas verteduras que se veñen producindo no río Támega e os seus afluentes, as medidas que vai levar a cabo para restaurar e garantir as súas óptimas condicións ambientais e sanitarias, así como os datos referidos ás sancións impostas ao respecto desde o ano 2010 e o estado da investigación referida á vertedura detectada o 8 de maio de 2018

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35521 (10/POC-005662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación das mulleres no desenvolvemento das súas carreiras como científicas e tecnólogas en Galicia, así como a denuncia dunha investigadora referida á súa suposta discriminación por causa da súa maternidade e as medidas previstas ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35523 (10/POC-005663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que vai realizar o Sergas ao Concello de Tui en relación coas repercusións que ten na asistencia sanitaria do centro de saúde a instalación de atraccións de feira, con motivo das festas patronais, na explanada contigua ao centro
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35529 (10/POC-005664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as demandas do Goberno galego ao Goberno central dalgunha medida para abaratar a factura da electricidade, a súa valoración en relación coa constante suba do seu prezo e súa opinión referida á necesidade de reducir o IVE aplicado á factura eléctrica, as súas intencións respecto da introdución de modificacións na súa política fiscal no que atinxe á enerxía, así como do esforzo que está a facer en materia de enerxía renovable para a produción de enerxía eléctrica

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35532 (10/POC-005665)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Goberno galego para non xestionar de xeito eficaz a cobertura de prazas durante as baixas e vacacións do persoal nos centros de atención primaria, así como as súas previsións respecto de dotar o centro de saúde do Temple, no concello de Cambre, dun pediatra en rolda de tarde e dun fisioterapeuta máis para evitar as listas de espera actuais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35533 (10/POC-005666)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as irregularidades detectadas pola Inspección de Traballo nas contratacións de persoal substituto do Sergas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35535 (10/POC-005667)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e económicos necesarios para o desenvolvemento do Plan galego de prevención de suicidios, a supervisión da súa implantación e execución e a posta en marcha dun programa de formación dirixido aos profesionais da sanidade para o tratamento temperán dos factores que inciden neles

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35537 (10/POC-005668)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o contido do convenio asinado entre o Sergas e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación do disposto no Plan nacional para a abordaxe da hepatitis C no Sistema nacional de saúde, así como o número de persoas reclusas tratadas coa medicación indicada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35539 (10/POC-005669)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións e as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas e deficiencias detectadas na xestión e funcionamento do servizo de atención de emerxencias desde o seu traslado ao novo centro da Estrada, as súas previsións para o conxunto dos servizos de emerxencias de Galicia, así como a reversión das privatizacións deses servizos e a asunción da súa xestión directa
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 35540 (10/POC-005670)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as directrices da paisaxe no prazo comprometido e a súa valoración respecto da realización de proxectos de parques eólicos antes da súa aprobación

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35633 (10/POC-005671)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a consolidación, conservación e accesibilidade da torre medieval de Sande, no concello de Cartelle, o seu réxime patrimonial actual e as súas previsións respecto do requirimento de responsabilidades polo seu estado, así como a avaliación da idoneidade de planificar traballos para a súa restauración, conservación e posta en valor

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 35636 (10/POC-005672)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas denuncias referidas ás deficiencias e carencias existentes en materia de infraestruturas, de medios humanos e de materiais na residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra, así como as medidas e o prazo previsto para o seu arranxo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35637 (10/POC-005673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35639 (10/POC-005674)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense, as razóns da demora na execución das obras para a súa reforma e acondicionamento, e o seguimento pola consellaría dalgún plan para consensuar coa comunidade educativa ou cos colexios profesionais do sector as condicións de funcionamento necesarias para a súa reapertura, así como o establecemento das canles de diálogo co seu persoal orixinal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35641 (10/POC-005675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias detectadas na atención que se está a prestar en materia de cirurxía pediátrica en Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35643 (10/POC-005676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir a baixa da profesional que atende o Servizo de Pediatría no Centro de Saúde de Escarón, no concello do Saviñao, e as previsións ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35649 (10/POC-005677)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto, na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas ante a problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e o número de tarxetas adscritas ao centro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35666 (10/POC-005678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de poñer en marcha unha estratexia galega de atención ás persoas con dano cerebral adquirido e crear un censo delas para dimensionar de xeito adecuado os recursos necesarios, así como as súas intencións en relación coa implantación da categoría diagnóstica «dano cerebral adquirido» e a garantía da atención no tempo e na forma para evitar as secuelas derivadas das demoras na rehabilitación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35667 (10/POC-005679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o ataque dunha manda de cans padecido por unha veciña do concello da Estrada a mediados do mes de agosto de 2018, as actuacións levadas a cabo e as medidas provisionais previstas polo Goberno galego ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35670 (10/POC-005680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao prazo de construción, o orzamento, as prestacións e os servizos do novo centro de saúde de Poio, o mantemento dos consultorios periféricos de Raxó e Combarro e a adopción de medidas para acabar coas listas de espera nese concello

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35675 (10/POC-005681)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora da Consellería de Sanidade na posta en marcha das medidas reflectidas no acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 para a mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose, as actuacións levadas a cabo e as previstas ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35728 (10/POC-005682)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da posibilidade de dotar de recursos suficientes o punto de encontro familiar de Vigo co fin de permitir o seu funcionamento ao longo de todo o ano

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35731 (10/POC-005683)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ás condicións laborais dos traballadores e traballadoras da fábrica de Sargadelos en Cervo, así como as actuacións previstas en relación co seu posible pechamento e o mantemento do seu legado cultural

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35734 (10/POC-005684)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os informes que posúe a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento do Plan de asistencia integral á saúde da muller en Galicia e as actuacións que se están a levar a cabo para a súa aplicación, así como as medidas adoptadas para garantir a interrupción voluntaria do embarazo e os dereitos sexuais e reprodutivos na rede sanitaria pública

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35736 (10/POC-005685)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os informes da comisión mixta de seguimento referidos á prestación de servizos por parte da empresa concesionaria no novo hospital de Vigo, o papel que está a desenvolver ao respecto a

persoa representante da Xunta de Galicia no consello de administración e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral relacionado coas bolsas de roupa sucia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35740 (10/POC-005687)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias e carencias detectadas no funcionamento do Hospital Psiquiátrico de Conxo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35743 (10/POC-005688)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación dos informes recibidos polo Sergas respecto do problema detectado nos contedores que transportan o instrumental cirúrxico esterilizado nos hospitais de Vigo, así como as medidas previstas para resolver a situación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35747 (10/POC-005689)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do asinamento dun convenio entre o Sergas, a Cruz Vermella e a Fundación La Caixa para a atención psicosocial de persoas con enfermidade avanzada na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña, a existencia de máis convenios deste tipo noutras EOXI e as previsións do Goberno galego respecto do incremento do número destes profesionais no Sistema público de saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35749 (10/POC-005690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar a expansión do cultivo e procesado da castaña como medio para recuperar o dinamismo económico e fixar poboación no medio rural

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 35750 (10/POC-005691)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a xustificación do Goberno galego para non dotar o Sergas dos medios suficientes para a prestación da asistencia sanitaria e recorrer de xeito estrutural á prestación de servizos nel por medio de concertos coa sanidade privada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35760 (10/POC-005692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias detectadas na atención que se está a prestar en materia de cirurxía pediátrica en Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35764 (10/POC-005693)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para dotar o Centro de Saúde de Arcade de profesionais suficientes para atender a súa demanda asistencial

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35765 (10/POC-005694)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o desprazamento da ambulancia de Mos para asistir unha muller falecida en Nigrán e o colapso producido no Servizo de Urgencias de Pontevedra durante o estado de alerta laranxa por altas temperaturas en Galicia, a valoración do Goberno galego ao respecto e as súas previsións en relación coa atención ás e aos profesionais sanitarios co fin de reforzar os servizos necesarios para evitar estas situacións, así como a súa opinión referida ao número de servizos dispoñibles para a atención de urxencias, emerxencias e traslados

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Traballadores do 061 levan tempo advertindo do perigo dos vehículos de transporte sanitario urxente por incumprimento da normativa aplicable, especialmente na cuestión do peso e a falta de material.

Como consecuencia das dilixencias previas abertas polo Xulgado de instrución número 2 de Santiago, nunha causa por presuntos delitos de prevaricación e tráfico de influencias na adxudicación dun concurso de transporte sanitario urxente do 061, un informe pericial encargado pola policía xudicial, constata o incumprimento da normativa e o exceso de peso respecto da masa máxima autorizada nos vehículos, exceso de polo menos 200 quilos, o que eleva o risco de accidentes, nun transporte que ten que facer fronte a conducións extremas, confirmando así o xa denunciado.

Ademais do exceso de peso, son máis os incumprimentos detectados no informe, como por exemplo, a falta de rodas de reposto.

Con todo, o goberno asegurou o ano pasado que se estaba a cumprir estritamente a normativa desoíndo as advertencias dos traballadores do servizo, en canto a falta de seguridade e a carencia de material.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:



- Ten constancia a Xunta de Galicia da información contida no informe pericial?
- Por que non solucionaron os incumprimentos de normativa detectados, pese as advertencias levadas a cabo polos traballadores do 061?
- Pode asegurar o Goberno que as ambulancias UVI móbiles do 061 compren co peso máximo permitido pola Lei?
- Pode asegurar o Goberno que as ambulancias están en condicións de seguridade para traballadores e doentes?
- Ten pensado levar a cabo algunha acción en relación ao problema detectado?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/08/2018 14:48:09

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A enfermidade renal crónica, está recoñecida a nivel mundial como un problema de saúde pública que afecta a unha parte significativa da poboación. O tratamento mediante diálise, representa un último recurso terapéutico, independentemente do transplante.

O Servizo Galego de Saúde, carece de medios propios para prestar este tratamento, así como dun plan específico de saúde renal que aborde o diagnóstico e tratamento da enfermidade dun xeito detallado e específico.

O Consello de Contas, no seu informe do ano 2012 relativo á fiscalización da actividade concertada da diálise no SERGAS, instaba a abordar ese plan específico e aumentar o control da actividade concertada por existir diferentes irregularidades na mesma.

Concluída o propio Consello, que nos servizos de hemodiálise os prezos variaban sen existir razóns de natureza económica ou prestacional que xustificase esta variación, advertindo situacións particulares como as do Centro Souto Boo na que os prezos non respondían nin no concepto, nin no importe, ás características da prestación contratada.

Ademais, centraba tamén unha das súas conclusións e recomendacións na necesidade de adaptar os procedementos contractuais á normativa de aplicación, considerando que o réxime de acordos que vinculan a entidade co SERGAS non se consideran axeitados para definir a relación contractual.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Considera o Goberno que é axeitada a relación contractual que mantén cos centros concertados para a prestación do servizo?
- Teñen regularizadas esas contratacións?
- Cales foron as actuacións levadas a cabo para dar cumprimento ás recomendacións do Consello de Contas?
- Por que aínda non teñen elaborado un plan específico de saúde renal?
- Como é posible que existan esas variacións que denuncia o Consello na prestación do servizo?
- Cales son as medidas específicas que levaron respecto aos prezos inxustificadas do Centro Souto Boo?
- Teñen elaborado algún estudo sobre os costes dos tratamentos?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 10:01:54

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

No noso ordenamento xurídico, existen diferentes normas encargadas de regular o réxime de incompatibilidades no ámbito do sistema sanitario público.

Tanto a Lei de sanidade 14/1986 como a Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, Lei 53/1984, evidencian de xeito claro a especial incompatibilidade das actividades profesionais prestadas a persoas as que se teña que atender no desempeño do posto público.

Con todo, na realidade non se está a dar cumprimento ao estipulado na lexislación, con especial atención aos postos directivos e de xefaturas de Servizo.

De feito, existen pliegos de contratación elaborados polo Servizo Galego de Saúde, que supoñen unha aplicación negligente da propia normativa.

A modo de exemplo, o anuncio do acordo marco para a privatización directa de servizos sanitarios na EOXI de Coruña, que compromete de xeito estrutural 100 millóns de euros durante catro anos para os hospitais privados, contén nos seus pliegos a prestación de servizos na privada por parte de persoal público do Servizo Galego de Saúde, cuestión que pon en evidencia o cumprimento do réxime de incompatibilidades no eido sanitario.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:



- Considera a Xunta de Galicia que está a cumprirse a normativa en materia de incompatibilidades en relación ao persoal sanitario do SERGAS?
- Pensan levar a cabo algunha medida que garanta o cumprimento da normativa?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 10:42:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A Xunta de Persoal do Hospital do Salnés acaba de denunciar a última orde que a dirección do centro está a dar as matronas, para o traslado de partos ao Complexo Hospitalario de Pontevedra de xeito que sexan atendidos solo os partos inminentes pero que incluso estes, unha vez producido o nacemento, tamén sexan derivados para Pontevedra.

Denuncian, que estas derivacións son unha consecuencia máis da política de recortes de servizos que xa se leva a cabo de xeito estrutural durante os meses de verán no Hospital, onde é habitual o peche da terceira planta.

No caso dos partos, ademais da propia decisión, o persoal denuncia que non se estea a dar a orde por escrito e que estas decisións poden causar complicacións para as mulleres que teñan que ser trasladadas a outro hospital.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Que explicación pode ofrecer a Xunta de Galicia ante esta información?
- Que planificación existe no Hospital do Salnés en relación á atención dos partos nos meses de verán?
- Por que continúan pechando servizos no Hospital do Salnés durante os meses de verán?



Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 10:42:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3^a**, relativa á avaliación do código de boas prácticas bancarias.

O Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, recollía o popular “código de boas prácticas” para a banca, cuxa aplicación por parte das entidades de crédito é voluntaria, como expresamente regulaba o artigo 5.1. Este carácter voluntario implica que se trata dunha norma inxusta, que comporta unha clara desigualdade diante da lei, pois permite manter os privilexios da banca e aparentar a concesión de dereitos á posición máis débil, ás persoas afectadas polos impagamentos hipotecarios, cando en realidade ditos dereitos só poderán ser exercidos, non en virtude de norma legal, senón da súa admisión voluntaria polas entidades de crédito. É dicir, de feito o Goberno delegou a súa función de gobernar, pois remite o cumprimento das normas ao que voluntariamente acorde o sector bancario.

A gran maioría das entidades bancarias adheríronse ao Código de Boas Prácticas, porén practicamente ningunha deles ofrece o que se propoñía no citado



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35457
Data envío: 31/08/2018 10:56:27.800

Código. Así, deberían ofrecer unha moratoria de cinco anos a partires da primeira falta de pagamento. Porén, non o ofrecen ao cliente e na práctica optan por propoñer novas hipotecas ou avais familiares. Maioritariamente ten que ser a persoa afectada a que solicite a súa aplicación, e a banca rexeita máis da metade das solicitudes, alegando que non se cumpren os requisitos.

Na maioría dos casos, as entidades bancarias ofrecen como alternativas dende créditos persoais ate avais familiares, porén non ofrecen a moratoria a cinco anos estipulada no Código de Boas Prácticas, e por outra banda, as entidades tampouco ofrecen información aos clientes a respecto da posibilidade de acollerse a algunha acción contemplada no Código, a pesares de que o propio código indica “a obriga por parte da entidade de informar aos seus clientes das posibilidades de acollerse a unha serie de vantaxes, tan pronto o banco teña coñecemento da falta de pagamento ou do atraso do pago dunha cota.

A propia aprobación dun Código de Boas Prácticas para resolver unha abafante situación que atravesan miles de cidadáns e cidadás derivada do sobreendebedamento inducido pola propia banca reconece que antes houbo malas prácticas, porén, lonxe de supoñer unha penalización á banca que as cometeu, viuse recompensada cunha norma feita a medida dos seus intereses. Xa que logo, o Código de Boas Prácticas queda reducido a unha declaración de boas intencións sen que na práctica sexa unha ferramenta útil para evitar desafiuamentos e permitir que, nunha situación de impago, as persoas afectadas poidan continuar na vivenda acolléndose á moratoria e pagando unicamente xuros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis aínda, o citado Código non obriga á dación en pagamento, polo que perde calquera utilidade para as miles de familias que están en situación de desafiuzamento. Máis aínda, recentemente tivemos mostras do incumprimento do Código por parte, por exemplo, do Banco Santander, de recente expansión en Galiza e multado polo Banco de España en agosto de 2018 por unha infracción grave tipificada no artigo 15 do citado Real Decreto-Lei 6/2012, que consiste en incumplir as obrigas de aplicar as previsións do Código desde que a persoa debedora acredita que se encontra dentro do limiar da exclusión. Son feitos gravísimos que merecen a nosa atención.

Dende o BNG apostamos por un maior compromiso con esta realidade, tamén por parte da Xunta de Galiza. Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza da aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias en Galiza?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza das sancións aplicadas polo Banco de España?

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para que se apliquen medidas xustas por parte da banca ás persoas afectadas polas hipotecas en Galiza?

-Ten estudado a administración galega as repercusións na cidadanía do noso país dos posíbeis incumprimentos das entidades bancarias? Por que razóns?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza que as entidades bancarias ofrecen información suficiente aos clientes sobre o Código de Boas Prácticas Bancarias?

-Coñece cantos desafiuzamentos se evitaron en Galiza coa aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias?

-Coñece a Xunta de Galiza cantas dacións en pago pagamento se realizaron en Galiza a través da aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias?

-Cre a Xunta de Galiza que é necesario impulsar a dación en pagamento?

-Como valora a Xunta de Galiza que a banca recibindo multimillonarias axudas públicas non aplique o código de boas prácticas?

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para que se apliquen medidas xustas por parte da banca ás persoas afectadas polas hipotecas en Galiza?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35457
Data envío: 31/08/2018 10:56:27.800

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 10:53:41

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 10:53:45

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 10:53:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 10:53:50

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 10:53:51

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 10:53:52

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O transporte sanitario terrestre de Galicia ven evidenciando nos últimos tempos desaxustes relevantes na súa xestión, así como un preocupante desinterese da Xunta de Galicia en clarificar e resolver as cuestións que resultan problemáticas.

O anterior concurso para a concesión do servizo atópase en fase xudicial polas evidencias que levaron a denunciar aos implicados en dita concesión, tanto á Xunta como á empresa gañadora do concurso. Por un valor de 121,6 millóns de euros adjudicouse o contrato a unha concesionaria, cuxa responsabilidade recae en persoas vinculadas ao Partido Popular. Este contrato foi denunciado por existir probas sobre a existencia de vehículos xa rotulados e equipados segundo se solicitou no concurso, mais antes de que este fora convocado.

Nos últimos tempos existen condicionamentos por parte das concesionarias sobre novos contratos, a partir de renuncias ou advertencias de renuncias aos contratos alegando insuficientes fondos para cubrir o servizo tras puxar con esas cantidades por obtelo.

Nos últimos días vense de coñecer un informe policial que advirte do incumprimento das medidas e estándares de seguridade en determinadas ambulancias que operan en Galicia, en cuestións sobre peso ou materiais e equipamento do vehículo. Estas cuestións, que afectan á seguridade e operatividade do vehículo, resultan de especial gravidade.

Estas dificultades e ineficiencias sobrecargan o traballo dos técnicos que operan cos vehículos, que se ven obrigados a traballar en condicións laborais inferiores ás estandarizadas, tanto nas medidas de seguridade como nas condicións laborais e a estabilidade ante as situacións descritas.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1.- Considera a Xunta de Galicia que a situación do transporte sanitario terrestre en Galicia é satisfactoria?

2.- Cre a Xunta de Galicia que ten dado as explicacións oportunas e pertinentes sobre os problemas asociados á xestión do transporte sanitario terrestre?

3.- Que ten previsto a Xunta de Galicia se a vía xudicial aberta relacionada co concurso das ambulancias resolve a existencia de irregularidades por parte da administración a favor dunha concesionaria concreta?

4.- Pode garantir a Xunta de Galicia que as medidas de seguridade nas ambulancias de Galicia se cumpren conforme ao estándar establecido?

5.- Que medidas ten previsto tomar a Xunta de Galicia respecto do informe policial que apunta ao incumprimento das medidas de seguridade nas ambulancias?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 31/08/2018 10:57:30

Noela Blanco Rodríguez na data 31/08/2018 10:57:37

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Segundo a OMS, as matronas desenvolven un papel fundamental en relación á saúde das mulleres, non só na atención durante a xestación ou o parto, si non tamén en todas as etapas da vida sexual e reprodutiva da muller.

Con todo, pese as recomendacións de ratios por parte da OMS, estas seguen a ser inadecuadas tanto na atención primaria como especializada por parte do Servizo Galego de Saúde, que ten deseñado un Plan Integral de Saúde da Muller que resulta imposible levar a cabo de xeito equitativo en todo o territorio, xa que se produce una iniquidade asistencial en función da zona onde se resida. Neste sentido, Ourense é o sitio máis castigado principalmente e de xeito alarmante na Atención Primaria, onde soamente existen 8 matronas para toda a provincia de Ourense, que conta cunha poboación de 160.453 mulleres.

A Asociación Galega de Matronas denuncia a absoluta precariedade, especialmente na zona de Ourense, onde resulta totalmente imposible levar a cabo o Plan Integral de saúde da muller.

Esta situación, non ten moitas trazas de mellorar, tendo en conta que para a seguinte OPE non están previstas prazas de matronas e as actuais están sendo amortizadas en lugar de ser cubertas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea pregunta:



- Ten pensado o Goberno cubrir as baixas e xubilacións das matronas?
- Que ten pensado facer o Goberno para dar solución a falta absoluta de matronas na provincia de Ourense, especialmente na Atención Primaria?
- Considera o Goberno que se está a dar unha atención equitativa tendo en conta as diferencias de ratios nas provincias?
- Considera o Goberno que con estes datos poden estar dando cumprimento ao Plan Integral de Saúde da Muller en Galicia?
- Por que non cumpre o Servizo Galego de Saúde coas recomendacións da OMS en canto ao número de matronas?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 11:00:58



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.

Pasados 8 meses desde a apertura ao tráfico da ampliación da ponte de Rande, aínda seguen a realizarse traballos de conservación e mantemento desta infraestrutura. Como consecuencia destas obras, as pasarelas de evacuación dos carrís exteriores están ocupadas permanentemente con casetas e diversa maquinaria, o que impide a súa utilización en caso dunha emerxencia.

Trátase dunha situación de grave risco pois en caso de accidente os vehículos que circulan polo carril exterior quedarían atrapados ao non ter ningunha posibilidade de evacuación.

Por isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

Como valora o Goberno galego a situación das obras da ponte de Rande e as consecuencias que tería a imposibilidade de evacuar os carrís exteriores en caso de emerxencia?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35471
Data envío: 31/08/2018 11:05:29.456

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:02:37

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:02:43

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:02:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:02:46

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:02:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35471

Data envío: 31/08/2018 11:05:29.456

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:02:48



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas á tomar coas prestacións asistenciais e por desemprego.

O sistema de protección de desemprego veu recortadas as contías das prestacións e endurecidos os requisitos de acceso a estas. Durante os últimos anos vimos denunciando o continuo deterioro do sistema de protección social das persoas traballadoras que están en situación de desemprego. Vimos como a taxa de cobertura de desemprego diminuíu até situarse preto do 50%, case a metade das persoas que están desempregadas non teñen acceso a ningún tipo de prestación. Das que teñen acceso a metade téñeno a prestacións non contributivas, é dicir, a subsidios que non cobren as necesidades máis básicas. En Galiza das máis de 188.000 persoas desempregadas, 93.000 non cobran ningún tipo de prestación económica.

O Goberno do Partido Popular, no seu afán centralizador pretende unificar as axudas de carácter asistencial (PAE, RAI, PREPARA), a pesares de que a xestión das mestas ten sido declarada competencia das comunidades autónomas por parte do Tribunal Constitucional, non fai efectiva a sentenza e intégraas na seguridade social, nun intento de impedir que ningunha administración aumente a taxa de cobertura tanto en número persoas perceptoras como na súa contía.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nun momento onde o PIB medra teoricamente ao 3%, e onde as cotizacións por desemprego no ano 2017 teñen 2.300 millóns de superávit, pretende acometer mais unha reforma que empobrece á clase traballadora.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Vai o Goberno galego opoñerse á pretensión do Goberno español de unificar as axudas de carácter asistencial (PAE, RAI, PREPARA), e reclamar a súa a xestión xa que é do ámbito competencial das comunidades autónomas, tal como foi declarado por parte do Tribunal Constitucional?

-Que opinión lle merece que máis da metade das persoas galegas que están en situación de desemprego non cobren ningunha prestación?

-Cal é a valoración do Goberno de que a metade das persoas desempregadas que teñen acceso a prestación por desemprego, máis da metade téñena a prestacións non contributivas, é dicir, a subsidios que non cobren as necesidades máis básicas?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:10
Nº Rexistro: 35474
Data envío: 31/08/2018 11:10:42.612

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:09:19

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:09:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:09:27

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:09:28

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:09:29

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:09:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:12
Nº Rexistro: 35476
Data envío: 31/08/2018 11:12:44.706

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás reivindicacións dos TCAEs do Novo Hospital de Vigo.

A decisión do Partido Popular de construír o Novo Hospital de Vigo polo modelo chamado eufemisticamente, colaboración Público Privada non só converteu á concesionaria na responsábel do proxecto de construción senón que supuxo cederlle á mesma a explotación e a xestión de moitos dos servizos do NHV. Converteuse en propietaria do Hospital durante os 20 anos da concesión. Convértese na que toma as decisións. Dentro deses servizos está a limpeza e a lavandería, que todo indica pretende realizar sen a dotación de persoal suficiente, coa intención que pasen os TCAE a realizar parte das labores que realizaban persoal de limpeza, en concreto o traslado das bolsas da roupa sucia dende a porta das habitacións.

Diante desta situación o Sergas na vez de esixir a realización destas tarefas á empresa e que esta teña a dotación de persoal precisa, toma a decisión de sobrecargar aínda máis ao seu propio persoal, creando deste xeito un máis que xusto conflito.

O BNG esíxelle rectificación ao Sergas, que deixe de protexer á empresa concesionaria e pase a defender ao seu persoal, xa está ben que a prioridade sexa o negocio e o lucro para a empresa e o gasto e o traballo a costa do orzamento público e do persoal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa é tempo de que o PP e a Xunta abandonen a submisión coa concesionaria e empecen a defender os intereses dos galegos e galegas. Resulta indecente que despois dunha concesión millonaria que nos está a costar millóns de euros, asistamos continuamente a situacións como a do conflito que estamos a vivir c@s TCAEs no NHV.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Vai o Goberno galego deixar de protexer á empresa concesionaria do NHV e vai pasar a defender ao seu persoal?

-Vai en algún momento deixar de traballar para que a a prioridade sexa o negocio e o lucro para a empresa e o gasto e o traballo a costa do orzamento público e do persoal?

-Vai abandonar a política de confrontación e pasar a unha de diálogo C@S TCAE do NHV?

-Vai proceder á retirada dos expedientes sancionadores iniciados e absterse de iniciar novos @s profesionais polo conflito xerado no NHV pola discrepancia competencial no traslado das bolsas de roupa sucia?

-Toda vez que os servizos de limpeza e lavandería corren por conta da empresa concesionaria, cal é a razón para que esta non asuma o traslado das bolsas de roupa sucia como realizan todas as concesión nos outros hospitais?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que labor de seguimento fai o Sergas para verificar que a empresa concesionaria ten o persoal suficiente para realizar os servizos que ten concesionados con garantías para o propio persoal e para a poboación?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:11:40

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:11:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:11:47

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:11:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:12
Nº Rexistro: 35476
Data envío: 31/08/2018 11:12:44.706

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:11:50

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:11:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás demandas das e dos MIR do CHUO e a resposta da Xunta de Galiza.

O pasado 14 de maio as e os médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense fixeron constar nun comunicado público un conxunto de demandas arredor da redistribución de cuartos de descanso para o persoal residente de garda de presenza física, en vigor dende o 10 de maio de 2018. A xuízo do Bloque Nacionalista Galego é unha nova mostra da constante improvisación da dirección do Complexo e do Sergas, que carecen dunha planificación a respecto da reordenación que precisa a infraestrutura após a apertura do novo edificio e que segue sen ter claro que vai facer coas partes dos outros edificios que precisan dunha rehabilitación e mellora que non acaba de chegar.

Na denuncia da situación as e os médicos explican que a redistribución foi ordenada de xeito unilateral pola dirección para ampliar os seus despachos e que ademais o seu resultado é inasumíbel por varios motivos, entre os que se encontran que a redistribución implica que a nova ubicación das habitacións non permite o descanso e inclúen, de forma literal, as seguintes explicacións, entre outras:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É unha zona de paso, con circulación ininterrompida por camas e padiolas dos servizos de coidados intensivos e reanimación; aparellos portátiles de radiografía...
- Condicións de silencio e seguridade nulas: está nunha área de acceso público non restrinxido.
- Non están asignadas por especialidade, o que supón que as chamadas a unhas especialidades espertarán aos residentes de outras.
- Mal illamento de portas e ventás, sen sistemas de calefacción e aire acondicionado axeitados.
- Non hai posibilidade de regular manualmente a temperatura.
- Condicións de hixiene en estado precario. Billas que perden auga, teléfonos de ducha rotos, falta de presión, alicatado e chan rotos...
- Ausencia de privacidade: un baño por cada catro persoas, a compartir por cada dúas habitacións.
- o cambio de habitacións entrou en vigor sen realizar previamente o traslado de mobiliario, enviado dende as habitacións habilitadas ás desmanteladas; o que supuxo un trastorno para os residentes de garda aquel primeiro día.
- tras a ampliación do CHUO existen áreas noutras zonas do complexo que poderían ser perfectamente habilitadas para ubicar os novos despachos sen necesidade de desprazar as habitacións de garda de residentes de especialidades hospitalarias.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:17
Nº Rexistro: 35478
Data envío: 31/08/2018 11:17:32.800

Desde o Bloque Nacionalista Galego alármanos tanto a situación referida e documentada con fotografías como a resposta emitida por parte do SERGAS, nun ton ameazante e refractario a calquera tipo de diálogo. A xuízo do Bloque Nacionalista Galego, a Xunta de Galiza debe sentarse a dialogar co colectivo de médicas e médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense con carácter inmediato e buscar unha saída negociada ás súas demandas.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para buscar unha saída consensuada ás demandas do colectivo de médicas e médicos internos residentes (MIR) do CHUO?

-Cales son as razóns técnicas para ter levado a cabo as mudanzas referidas? En que data se concretaron? Cales son as razóns para non telas consensuado co colectivo?

-Por que o SERGAS emite un comunicado despreciativo co colectivo en lugar de sentarse a falar con el? Estabeleceu negociacións? En que data e con que representación?

-Considera a Xunta de Galiza que ten poucos conflitos abertos no CHUO e que continuar instalados na falta de diálogo pode conducir a unha saída positiva?

-Considera a Xunta de Galiza adecuadas as condicións de descanso fornecidas? Como xustifica cada unha das demandas arriba descritas?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cre o goberno galego que se pode traballar nun hospital sen sistemas de calefacción e aire acondicionado axeitados, máis coas temperaturas extremas que ten Ourense?

-Cal é a valoración da proposta que fan as e os MIR de trasladar toda a dirección a novas ubicacións, posibilitando así que o persoal médico de urxencias teña novas habitacións no quinto andar, nas mesmas condicións que as e os seus compañeiros? Cales son as razóns de que a dirección non teña a súa ubicación definitiva xa definida?

-Cales son as razóns para non valorar a restitución das habitacións de garda para MIR de especialidades hospitalarias que no seu día se construíron para tal fin?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:17
Nº Rexistro: 35478
Data envío: 31/08/2018 11:17:32.800

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:16:24

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:16:29

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:16:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:16:33

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:16:34

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:16:35



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35480
Data envío: 31/08/2018 11:19:55.550

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o servizo de Pediatría en Burela, Cervo e San Cibrao.

Unha das dúas pediatras do Centro de Saúde de Burela está de baixa desde hai xa varias semanas, sendo substituída parcialmente por outro facultativo que ven de Lugo dous días á semana, quedando a outra pediatra ao cargo duns 1.300 nenos e nenas que ten asignados o centro durante os 3 días restantes. Por se fose pouco, a isto xuntouse que a pediatra que atende os centros de saúde de Xove e San Cibrao (Cervo) estivo un mes de vacacións sen que tampouco fose substituída por outro facultativo, sendo derivados os seus pacientes a Burela. Nesta conxuntura chegou a producirse o esperpento de que unha única pediatra de Burela tivese que prestar atención a uns 2.000 nenos e nenas de Xove, Cervo e Burela, co que isto supón para pacientes e profesionais.

A todo isto, hai que engadir as dificultades que teñen as nais e pais de Xove e Cervo para concertar unha cita previa, pois ao non ter pediatra no seu propio centro de saúde, o sistema non permite solicitar cita telefonicamente nin telematicamente, tendo que desprazarse a Burela e solicitar a cita presencialmente para despois ter que agardar a seren atendidos á hora concedida

Lamentablemente, esta situación non é nova, pois vense producindo con certa periodicidade nos últimos anos nestes e noutros centros de saúde do noso país.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35480
Data envío: 31/08/2018 11:19:55.550

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Por que a Xunta de Galiza non cobre as baixas e vacacións do persoal médico no servizo de pediatría da atención primaria?
- Consideran que un facultativo pode atender axeitadamente a 2.000 crianzas?
- Que medidas ten prevista a Xunta de Galiza para evitar que se repita esta situación?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35480

Data envío: 31/08/2018 11:19:55.550

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:19:28

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:19:33

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:19:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:19:35

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:19:37

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:19:38



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás iniciativas a tomar para o mantemento da marca Pastor en Galiza e con ela os postos de traballo.

O Banco Santander ven de iniciar o proceso de integración xurídica das tres entidades bancarias Santander- Popular- Pastor. A pretensión é unificar e centralizar todo na marca Santander, e ao final do proceso desprenderse da filial Banco Pastor.

Este novo movemento significa continuar co proceso de “reestruturación” do sector financeiro, co obxectivo de concentrar e centralizar a toma de decisións, un proceso ao que se destinaron máis de 58.000 millóns de euros de fondos públicos, dos que o Bando de España ven de recoñecer que só se van recuperar unha mínima parte.

Para Galiza este proceso ten nefastas consecuencias, perda de capacidade e decisión financeira, exclusión dunha parte importante da poboación do mesmo, concentración bancaria, redución de operadores e a perda de miles de postos de traballo. O sector financeiro sáldase en Galiza dende o 2009 ata o de agora cunha perda de 5.000 empregos.

Estamos de novo diante dun proceso de destrución de emprego, e de perda de capacidade financeira, de novo a expensas do que decidan en Madrid, en base aos seus intereses e non aos de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A compra do Banco Popular-Pastor por parte do Santander, polo prezo simbólico dun euro, significou un novo golpe ao sistema financeiro galego, máis unha vez, na busca de maiores beneficios. O Santander coa entrada do Banco Pastor converteuse na segunda entidade en cota de mercado en Galiza chegando case ao 29%, mais a costa de deixar tirad@s a traballadores e traballadoras.

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras por esta situación, mais tamén pola situación futura do persoal da rede do grupo bancario, porque todo evidencia que este é un novo banzo no proceso descrito, do que xa tiñamos advertido.

É preciso defender a mellora das condicións laborais, o mantemento dos postos de traballo e que se É moi importante que se manteña a filial de “Banco Pastor” en Galiza pola grande relevancia que ten para o noso país, tanto desde o punto de vista do negocio como do punto de vista do emprego. Porque permite maior proximidade ao mercado galego, ao tecido económico e produtivo e ademais tributa aquí.

A desaparición da filial do Banco Pastor suporía un grave prexuízo colectivo para Galiza pola perda dunha entidade galega, aínda que sexa en forma de filial, porque se poden perden a metade dos 2.200 postos de traballo existentes na actualidade, e un prexuízo individual porque a maioría do cadro de persoal ten unha media idade por debaixo dos 50 anos, e polo tanto de difícil colocación laboral.

No mes de xuño do 2017 o Presidente da Xunta comprometeu a mediar coa dirección do Banco Santander para que esta filial de Banco Pastor e a súa estrutura financeira se mantivera en Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35481
Data envío: 31/08/2018 11:21:04.581

Por todas as razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal é o resultado das xestións realizadas polo Presidente da Xunta diante do Banco Santander, prometidas en xuño de 2017, para manter en Galiza a marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada?

-Vai realizar todas as actuacións precisas diante do Banco Santander, para manter en Galiza a marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada, xustificando en base ao arraigo e recoñecemento da mesma, permite unha maior cercanía e apoio ao mercado e tecido económico galego, e resulta imprescindible para o mantemento do emprego?

-Vai empregar todos os mecanismos que posúe para frear a máis que previsíbel destrución de postos de traballo que se vai a producir tras a realización da integración?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:21
Nº Rexistro: 35481

Data envío: 31/08/2018 11:21:04.581

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2018 18:26:56

Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2018 18:27:01

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2018 18:27:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/04/2018 18:27:11

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2018 18:27:15

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2018 18:27:18



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para a garantir a viabilidade das pensións.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas vén de lonxe.

Desde hai anos veñen prognosticando a súa quebra, acompañada sempre de fortes campañas publicitarias, da banca, das compañías aseguradoras, para captar clientes para os fondos privados de pensións. Necesítase atemorizar a opinión pública presentando como inviábel o sistema público de pensións, promovendo un sistema privado. O obxectivo é ben claro: transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicas.

Anos de ataques á clase obreira, mentres se acatan as ordes dos amos da Unión Europea, protéxese a evasión de capitais, a corrupción, subvenciónase a Igrexa, rescátase a banca, rescátanse as autoestradas, aumenta o beneficio das empresas diminuindo as súas obrigacións. Ataques á maioría social e beneficios para a minoría que ostenta os privilexios e o capital.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O debate das pensións vai moito máis alá de si a revalorización anual debe ser o IPC ou o 0.25%, con non ser indiferente esta cuestión, senón que é unha cuestión estrutural, entre manter un modelo de pensións públicas dignas, ou apostar por un modelo de privatización, de negocio para o capital financeiro.

Non é unha cuestión simplemente de recursos, é de aposta ideolóxica, é da mentira que está instaurada a respecto da sustentabilidade do sistema de pensións.

O problema das pensións non é un problema de cotizantes, é un problema de repartición, é un problema de reparto desigual da riqueza. E con todas as medidas que puxeron en marcha coa escusa da crise, esa repartición é cada vez máis desigual.

As medidas que tomaron son especialmente mesquiñas en Galiza, porque temos as pensións máis baixas do Estado español, unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á nosa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares,

Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas: case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do umbral da pobreza.

Galiza ten as segundas pensións máis baixas de todo o Estado, con 892,18€ ao mes fronte aos 1.071€ da medida estatal. Cada persoa pensionista



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galega perde 2.145 euros ao ano, unha cantidade astronómica para os maiores e para moitas familias que teñen nas pensións a súa única fonte de ingresos, unha realidade social do noso país que é un logro máis da política social de Feixóo.

O BNG implicámonos decididamente na defensa dun sistema público de pensións dignas, que empeza por un mercado de traballo digno, e que polo tanto afecta a toda a sociedade, @s pensionistas actuais, mais @s pensionista futur@s que son @s traballadores/as actuais.

Hai que blindar o sistema público de pensións porque, a diferenza do discurso interesado da dereita e da banca, é viábel, é o único capaz de garantir unha pensión digna tras unha vida de traballo, de garantir a solidariedade interxeracional e de garantir o reparto da riqueza. O único que permite ter un mínimo de xustiza social.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Está realizando algunha actuación o Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas @s galeg@s?

-E para que deixen de ser das máis baixas do Estado?

-Cal é a opinión do Goberno Galego a respecto da coantía das pensións en Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera que as medidas impulsadas polo Goberno español benefician as persoas xubiladas galegas?

-Que actuacións vai realizar o Goberno galego para reverter a situación de que as pensións en Galiza sexan das máis baixas do Estado?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:31:26

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:31:30



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:32
Nº Rexistro: 35483
Data envío: 31/08/2018 11:32:31.378

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:31:32

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:31:33

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:31:34

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:31:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego.

Dentro deste sangrado os profesionais son dos principais damnificados por unha política de persoal que maltrata ao persoal fixo e que maltrata ao persoal contratado.

É precisa a reposición de todos os dereitos laborais, económicos e sociais que durante estes anos lle foron eliminados aos traballadores e traballadoras do sistema sanitario público de Galiza.

No ano 2010 o Goberno galego suspendeu os acordos retributivos asinados na mesa sectorial do Sergas, acordos retributivos 2008/12, que recollía incrementos salariais no complemento específico, polo que se retribúen as condicións específicas do posto de traballo atendendo á súa dificultade, responsabilidade, coñecemento, penosidade... percibe por este concepto unha



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:33
Nº Rexistro: 35485
Data envío: 31/08/2018 11:33:24.331

cantidade inferior ao resto de persoal da Administración Autonómica. Atención continuada, retribúe a penosidade da prestación de servizo: nocturnidade, domingos , días feriados e gardas, a retribución do persoal do Sergas por estes conceptos está a cola do resto de servizos de saúde. Acordo de Carreira profesional, suspendida desde o ano 2010. Acordo de equiparación salarial persoal de PACs, atención continuada.

É evidente que coa recuperación de dereitos que están a recuperar, de xeito parcial, que afectan ao conxunto das empregadas/os públicos, non queda saldada a débeda que a Xunta do PP ten c@s traballadores/as da sanidade.

Coa escusa da crise a Consellaría de Sanidade, dun xeito unilateral, deixou en suspenso a aplicación dos acordos asinados aos que se chegara en canto a melloras retributivas e nas condicións de traballo.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Vai o Sergas proceder á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais do seu persoal, conxelados desde o ano 2010?

-Cal é a razón pola que non retoma a recuperación dos acordos suspendidos coa escusa da crise? O discurso oficial do Goberno do PP non é que a crise xa está superada?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Parécelle de xustiza para un persoal que presta servizo 365 días ao ano e 24 horas ao día que o complemento específico sexa inferior ao do resto da Xunta ou que a atención continuada estea á cola do resto dos servizos de saúde?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 12:57:43

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 12:57:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 12:57:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:33
Nº Rexistro: 35485
Data envío: 31/08/2018 11:33:24.331

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 12:57:51

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 12:57:52

Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 12:57:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de adaptación das prazas de formación MIR e EIR, e de convocatoria de OPE, as necesidades reais de profesionais no Sergas.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público, recortes que se están aplicando dun xeito xeralizado, tanto na atención hospitalaria como en atención primaria, e en todo o territorio galego.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

Con data 18 de maio de 2012 publicouse do DOG a orde pola que se aproba o Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, dado que a vixencia do mesmo era ata o 31 de decembro de 2013, publicouse o 5 de decembro a orde pola que se aproba o Plan de ordenación de recursos humanos relativo á xubilación, prolongación da permanencia e prórroga no servizo activo do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Este Plan, concibido como un instrumento de planificación, conclúe que hai un importante envellecemento do persoal: *“no dito instrumento de planificación, logo de*



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

analizarse as necesidades da organización sobre a base do estudo e valoración previos da estrutura poboacional e a actual configuración do cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde, conclúese un significativo envellecemento en termos globais do persoal do organismo, de xeito paralelo ao da propia poboación galega, que resulta máis acusado no colectivo de persoal licenciado sanitario. A dita circunstancia ten unha singular incidencia en diversos aspectos organizativos da actividade asistencial, entre os que cabe destacar a dispoñibilidade decrecente do citado colectivo para a cobertura da atención continuada.”

...”Derivado da normativa e do diagnóstico de situación efectuado no propio instrumento de planificación, o precedente Plan de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde dispuxo, como medida xeral de ordenación, a perda da condición de persoal estatutario fixo dos seus profesionais por cumprimento da idade de xubilación forzosa.”

É unha evidencia, que se a Consellaría de Sanidade non adapta as prazas de formación ás necesidades asistenciais, a consecuencia será que en pouco tempo o Sergas non disporá de persoal para cubrir as vacantes que se van producindo por xubilación, nin ausencias, baixas...

O Sergas non actúa en formación e non leva a cabo políticas laborais que fomenten que @s profesionais que se forman se lles ofrezan condicións laborais dignas para levar a cabo en Galiza os seus proxectos vitais e polo tanto emigran a onde si llas ofrecen.

Como consecuencia desta nefasta política de persoal levada a cabo polo Partido Popular na Consellaría de Sanidade, cada vez é máis patente que non hai profesionais dispoñíbeis para cubrir baixas, vacacións, licenzas, permisos...



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para ter uns servizos públicos de calidade, unha sanidade pública de calidade é preciso ter profesionais formados, cualificados e en número suficiente, por esta razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Cal é a planificación, se ten algunha, do Goberno galego para solucionar o deficit de profesionais no Sergas?

-Cal é o seu horizonte temporal?

-Coida que o Sergas vai poder garantir a calidade asistencial se non toman medidas para aumentar as prazas de formación?

-Aumentar o número de doentes por profesional, ou as idades de xubilación é positivo para a calidade asistencial e para @s profesionais?

-Vai demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR, que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais?

-Vai presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación?

-Cal é a razón de non convocar OPE co mesmo número de prazas que se convocou no concurso aberto permanente de mobilidade(concurso de traslados), que na súa totalidade se aproxima ás 6.000 prazas vacantes?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:35
Nº Rexistro: 35487
Data envío: 31/08/2018 11:35:11.581

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:34:16

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:34:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:34:21

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:34:22

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:34:24

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:34:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de incrementar as pensións non contributivas.

Como consecuencia dos baixos salarios existentes en Galiza, o noso país recibe pensións contributivas das máis baixas do Estado. Así, con datos de febreiro de 2018, 760.000 persoas reciben algún tipo de pensión contributiva en Galiza, sendo a súa contía media de 788,49 euros. So Estremadura ten unha pensión media menor.

No referido en concreto ás pensións de xubilación galegas tamén son das mais baixas de todo o Estado. Galiza, a data de decembro do 2017, conta con 473.550 persoas que reciben a pensión de xubilación. A pensión media é de 897,95 euros, sendo practicamente a mais baixa do Estado, xa que, outra vez máis, so Estremadura ten unha pensión menor.

O sistema público de pensións complétase coas pensións non contributivas, que as reciben aquelas persoas que se atopan en situación de necesidade aínda que non teñan cotizado nunca ou, tendo cotizado, non o teñan feito durante o tempo exixido en cada caso. Na actualidade, as contías destas pensións son realmente exiguas, sendo a pensión de xubilación non contributiva de 369,9 euros para o 2018.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:37
Nº Rexistro: 35489
Data envío: 31/08/2018 11:37:13.472

Polo tanto, compre ter en conta que as persoas que reciben esta pensión atópanse en situación de necesidade, e compre ter tamén en conta que, debido á estrutura do mercado laboral galego das pasadas décadas, onde a incorporación da muller ao mercado laboral era aínda menor que a actual, a maioría de perceptores desta renda son mulleres.

Co obxectivo de mellorar esta contía, nos orzamentos da Xunta de Galiza para 2018, dótase un “Fondo extraordinario perceptores subsidios e pensións non contributivas” con 8.200.000 euros. Este complemento autonómico supón 206 euros para as preto de 40.000 persoas que perciben pensións non contributivas, do Fondo de asistencia social ou do subsidio de garantía de ingresos mínimos, e foi aboado nun pagamento único en xaneiro. Trátase dun incremento mensual de 17 euros que en absoluto supón un avance realmente significativo na contía da pensión e que mantén ás e aos perceptores de pensións non contributivas cuns niveis de ingresos paupérrimos que dificultan enormemente a satisfacción das necesidades vitais básicas e dificilmente axudará a superar a citada situación de necesidade.

Durante a tramitación dos orzamentos para o 2018, dende o BNG presentamos unha emenda para incrementar o “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas” en 40 millóns de euros, o que suporía 1.000 euros anuais a maiores por prestatario.

Neste sentido, consideramos necesario retomar esta proposta, e realizar un esforzo para aumentar as pensión non contributivas para mellorar as condicións de vida ás persoas preceptoras, mediante un incremento do complemento a estas pensións existente en Galiza e tamén demandando do goberno do estado un maior esforzo na dotación destas pensións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Considera o Goberno galego que as cuantías das pensións non contributivas permítelles aos galeg@s que as perciben levar unha vida digna?

-Vai realizar algunha actuación para mellorar a súa situación?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:36:29



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:37
Nº Rexistro: 35489

Data envío: 31/08/2018 11:37:13.472

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:36:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:36:35

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:36:36

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:36:37

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:36:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Un ano máis, coa chegada do verán, a Consellería de Sanidade pon en marcha o peche de camas nos hospitais da rede pública, situación que só empeora as xa alarmantes listas de espera e crea as condicións idóneas para que se sigan a producir os xa coñecidos colapsos nas urxencias.

Así mesmo, consultas e probas de atención especializada vense afectadas pola non cobertura dos permisos do persoal. Circunstancia que afecta tamén ao diagnóstico e o control das diferentes patoloxías.

Ademais dos servizos hospitalarios, os peches tamén afecta a consultas na atención primaria, tamén coa non cobertura dos permisos vacacionais, aforrando os costes de substitucións, pero afondado na precarización dos dereitos laborais.

Esta situación agrávase cada ano, cun incremento no peche destes servizos. De feito, a estas alturas son xa varios os hospitais e centros de saúde que están a sufrir estas carencias de servizos, existindo denuncias por parte da Xunta de persoal dos respectivos hospitais.

No CHUO, por exemplo, están a denunciar que baixo os eufemismos de “flexibilización da hospitalización ou de camas de expansión” existen unidades baleiras pero doentes amontoados en salas sen ventilación nin intimidade.

No CHOP, a xerencia acaba de anunciar o peche de 80 camas que comezarán en xuño na unidade de lactancia e continuarán durante os meses de xullo, agosto e



setembro en outras unidades como medicina interna, pneumoloxía ou traumatoloxía.

No Salnés, o peche estrutural que se produce todos os veráns na terceira planta, está xa a ter as súas consecuencias como a derivación dos partos a Pontevedra.

No CHUAC, o peche de 170 camas está a provocar saturacións en urxencias, consecuencia tamén dun desmantelamento da atención primaria no que a falta de cobertura dos postos de traballo, aumenta a demora nas citas e obriga a moitas persoas a acudir ás urxencias hospitalarias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- Cal é o número de camas que se van a pechar nos diferentes hospitais do SERGAS?
- Cales son os servizos nos que se pecharán as diferentes camas en cada centro?
- Cales foron os criterios seguidos para decidir que servizos se pecharán?
- Cal é o número de profesionais que desfruta as vacacións nas diferentes categorías en cada área sanitaria nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro?
- Cantos destes permisos van a ser cubertos con persoal eventual?
- Cales son os criterios que se seguiron ou se van a seguir para decidir que permisos son cubertos?
- Ante os colapsos que se están a producir, cal é o plan que se vai a seguir nos Hospitais do SERGAS?
- Que consultas de atención especializada pecharán nos diferentes centros este verán?



- Cal será a cobertura de permisos nos servizos de radioloxía e laboratorios?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 12:22:10



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á corrección inmediata das deficiencias das cociñas da EOXI de Ourense e da actual cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense antes da posta en funcionamento do novo servizo de cociña do novo edificio do Hospital.

O Complexo Hospitalario de Ourense viña contando cun servizo de cociña no que as e os traballadores do servizo preparaban a comida para dar servizo ás necesidades da instalación hospitalaria. Segundo as últimas informacións facilitadas pola propia Xunta de Galiza na Cámara, o o servizo de cociña futuro do Hospital ourensá contará cun sistema mixto de liña tradicional e liña fría ou precociñada instalado no novo edificio.

Porén, en canto esta realidade non se verifica, vén de ser demostrado que tal e como denunciaba a Comisión de centro, organizacións sociais e o Bloque Nacionalista Galego, a actual cociña está nunha situación extrema que debe ser corrixida. Máis aínda hai que recordar que as e os profesionais así como o persoal usuario levan anos demandando unha mellora das instalacións de cociña. Por outra banda, a situación de deterioro da actual cociña e a distancia entre os edificios novo e antigo engade novas dificultades ao desenvolvemento do traballo da cociña que van en detrimento das e dos traballadores e poden chegar a repercutir tamén nos e nas usuarias. Mesmamente o



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 12:37
Nº Rexistro: 35496
Data envío: 31/08/2018 12:37:48.034

Bloque Nacionalista Galego denunciou esta situación no propio Parlamento Galego en reiteradas ocasións.

De forma especial, a este grupo parlamentar preocúpalle a demora da nova cociña así como ter coñecido a información pública de que a Inspección de Traballo recoñecera determinadas eivas denunciadas pola Confederación intersindical galega o pasado 11 de abril de 2018.

O Bloque Nacionalista Galego considera esta situación de especial gravidade polo que relata a Inspección e polo coñecemento de que a propia Consellaría era consciente.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Que responsabilidades vai asumir a Xunta de Galiza diante das deficiencias demostradas no servizo de cociña da EOXI de Ourense, particularmente do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

-Considera acaído a Xunta de Galiza que a Consellaría de Sanidade non actúe se non é por imposición da Inspección?

-Cales foron as razóns para desoír, a dirección do SERGAS e do CHUO, as demandas dos e das traballadoras?

-Considera a Xunta de Galiza exemplarizante a súa política de riscos laborais?

-En que prazos estará posta en marcha a nova cociña do novo edificio do CHUO?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuacións desenvolverá a Xunta de Galiza mentres na cociña actual? Vai desenvolver algunha non ordenada pola Inspección? Cales son os motivos?

-Segue a considerar o goberno galego, que están garantidas as condicións de seguridade laboral en canto non se dá traslado a unha nova cociña?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 12:35:07

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 12:35:12

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 12:35:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 12:37
Nº Rexistro: 35496

Data envío: 31/08/2018 12:37:48.034

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 12:35:15

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 12:35:16

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 12:35:18

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

O método anticonceptivo ESSURE é un dispositivo que consiste nun resorte de metal composto de titanio, níquel e aceiro inoxidable con fibras de poliéster, que é introducido nas trompas de falopio, creando nas mesmas unha obstrución progresiva que provoca o efecto anticonceptivo.

A polémica deste anticonceptivo xira entorno aos efectos secundarios adversos que provoca na saúde das mulleres que o utilizan, o que levou a súa retirada primeiro en Reino Unido o 13 de xuño de 2017 e en setembro dese mesmo ano en España de xeito temporal, pasando a ser definitivo en novembro. Actualmente a súa comercialización está prohibida en toda a Unión Europea.

Con todo, existen mulleres afectadas por eses efectos secundarios tales como dores na zona pélvica e abdominal, efectos no sistema inmunolóxico, alerxias ao níquel, migrañas ou efectos secundarios hormonais que afectan directamente a saúde das mesmas.

Ante esta situación, foron moitas as que se organizaron e están a denunciar por diferentes vías os danos ocasionados na saúde, intentando facer conciencia da propia dimensión do problema.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Ten coñecemento o Goberno de cantas mulleres en Galicia levan este método anticonceptivo?



- Ten coñecemento o Goberno de cantas mulleres en Galicia está a sufrir os efectos adversos do mesmo?
- Foron remitidas queixas á Consellería de Sanidade ou o SERGAS en relación a esta asunto?
- Existen algún protocolo no SERGAS para a retirada deste anticonceptivo?
- Cal era o protocolo que se seguía en relación á información e consentimento cando se implantaba este método?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 12:35:51

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novoa Iglesias, Diego Calvo López, Jaime Castiñeira Broz, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O pasado 5 de xullo formalizouse o contrato administrativo de obras de reparación da Ponte da Barca, ubicada na PO-531, entre os Concellos de Pontevedra e Poio. As obras foron adxudicadas por un importe total de 930.809,05 euros, e teñen un prazo de execución de 5 meses.

O proxecto foi redactado despois de levar a cabo minuciosos estudos da infraestrutura para analizar o seu estado, contando para elo incluso con imaxes obtidas a través de drones.

A actuación inclúe a renovación da marquesiña que protexe as beirarrúas, unha nova estrutura de madeira especialmente deseñada para evitar a acumulación da auga e a cuberta será de aluminio para garantir a maior resistencia. A súa execución conleva unha gran complexidade ao ter que realizar os traballos en altura minimizando o impacto no tráfico e no tránsito dos peóns.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Comisión:**

- 1.- En que estado de execución se atopan as obras de reforma da Ponte da Barca?
- 2.- Cal é o plan que se manexa para minimizar o impacto no tráfico da execución das obras?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 31/08/2018 12:41:10

Martín Fernández Prado na data 31/08/2018 12:41:27

María Guadalupe Murillo Solís na data 31/08/2018 12:41:44

Marta Novoa Iglesias na data 31/08/2018 12:41:58

Diego Calvo Pouso na data 31/08/2018 12:42:09

Jaime Castiñeira Broz na data 31/08/2018 12:42:19

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/08/2018 12:42:28

Gonzalo Trenor López na data 31/08/2018 12:42:41

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/08/2018 12:42:55

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novoa Iglesias, Diego Calvo López, Jaime Castiñeira Broz, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O pasado 14 de agosto a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o proxecto de construción do acondicionamento e mellora da seguridade viaria da PO-531 na Devesa. Segunda fase, de clave PO/17/001.06.

Trátase doutra das actuacións que está a levar a cabo a Consellería na estrada PO-531, despois da construción da rotonda de acceso ao Polígono de Sequeiros, que xa ten contribuído a calmar o tráfico e a facilitar o acceso seguro e o cambio de sentido, evitando situacións perigosas que se producían antes desa obra.

Tamén está prevista a construción dunha senda na Devesa (Pontevedra), ata A Bretoña (Barro), no marco do Plan de Sendas de Galicia.

Todas elas, actuacións que responden ao compromiso da Xunta cos veciños para ir executando un programa de intervencións na dita estrada, e que redundan nunha mellora da accesibilidade e da seguridade, tanto dos vehículos como dos peóns e ciclistas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Comisión:**

- 1.- Cales son as previsións para licitar e adxudicar as obras ?
- 2.- Cales foron as peticións máis demandadas nas alegacións ao proxecto e cal foi o resultado da súa análise e estudo?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 31/08/2018 12:38:05

Martín Fernández Prado na data 31/08/2018 12:38:21

María Guadalupe Murillo Solís na data 31/08/2018 12:38:36

Marta Novoa Iglesias na data 31/08/2018 12:38:43

Diego Calvo Pouso na data 31/08/2018 12:38:58

Jaime Castiñeira Broz na data 31/08/2018 12:39:06

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/08/2018 12:39:18

Gonzalo Trenor López na data 31/08/2018 12:39:31

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/08/2018 12:39:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 12:54
Nº Rexistro: 35509
Data envío: 31/08/2018 12:54:51.676

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Desde o nacionalismo galego temos denunciado o gran calote que supón o mercado eléctrico no Estado español, máis aínda despois das modificacións legais emprendidas polo goberno central do Partido Popular a partir de 2011 e até 2018, que non fixeron máis que contribuír ao escurantismo dun oligopolio cuxo funcionamento está nas antípodas da transparencia. Tampouco parece que atallar este problema vaia ser unha prioridade para o goberno socialista de Sánchez.

Na actualidade, en aras do presunto “déficit tarifario” o emporio eléctrico continúa mantendo os seus beneficios a custo das persoas consumidoras, supoñendo un abuso ao tratarse dun ben de primeira necesidade. Doutra banda, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado en base a unha óptica centralista que sitúa a Madrid como punto central e diseña o sistema obviando a distribución das fontes de electricidade e as consecuencias que ten esta produción sobre as poboacións e territorios que a acollen. Deste xeito, as políticas centralistas e ao servizo das eléctricas do Partido Popular teñen impedido a negociación dunha tarifa eléctrica galega con base na condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade malia que isto abriría as portas a unhas menores e máis controladas tarifas, redundando en última instancia no ben dos e das consumidoras domésticas e das empresas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 12:54
Nº Rexistro: 35509
Data envío: 31/08/2018 12:54:51.676

O último mércores de agosto, o prezo da electricidade volveu marcar no Estado español un limiar histórico, despois do récord sostido a comezos desde mes, o seis de agosto, en plena vaga de calor. Desta forma, o coñecido como “pool” pechou o martes cun prezo para o mércores 29 de agosto de 70,99 euros Mwh. As e os expertos estiman que 2018 será o ano co prezo da luz máis caro da historia. As razóns son múltiples pero unha fundamental é o sistema de conformación de prezos e o denominado “pool”.

Por todo isto formulamos as seguintes preguntas para a súa reposta oral na Comisión 6ª:

1.- Que actuacións ten desenvolvido ou vai desenvolver o Goberno galego para evitar os abusos na suba da luz para as persoas usuarias?

2.- Que actuacións ten desenvolvido ou vai desenvolver para que o recibo da luz deixe de ser un dos problemas máis preocupantes e relevantes para os fogares galegos?

3.- Considera suficiente a súa política contra a pobreza enerxética? Como xulga a evolución nos e nas beneficiarias? E na contía orzamentaria dedicada?

4.- Ten tomado ou vai tomar medidas para que as persoas autónomas non teñan no pagamento do recibo da luz un factor engadido de dificultade económica á hora de manter os seus proxectos?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 12:54
Nº Rexistro: 35509

Data envío: 31/08/2018 12:54:51.676

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 12:50:25

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 12:50:30

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 12:50:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 12:50:33

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 12:50:34

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 12:50:35



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 13:15
Nº Rexistro: 35519
Data envío: 31/08/2018 13:15:49.879

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás posíbeis verteduras industriais no río Támeiga de Ourense.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente tanto os incumprimentos e danos en múltiples aspectos (ambiental, viario, etc) das obras do AVE como as deficiencias de que a xestión e actuación de boa parte dos nosos ríos pertenza ao goberno central, nomeadamente nas comarcas aglutinadas baixo a distribución provincial de Ourense.

Unha vez máis, o pasado martes 8 de maio, e non é a primeira, conforme consta por denuncias públicas feitas xa non pola organización nacionalista, senón tamén por colectivos de defensa do medio ambiente e o territorio, produciuse novamente unha vertedura que afectou ao Támeiga. Sen ir máis lonxe, foi xa no ano 2013 cando ADEGA, Asociación para Defensa Ecolóxica de Galiza, presentou reclamacións ao respecto.

Na data referida produciuse unha nova vertedura ao río Cabras, afluente do Támeiga. Vertedura que a todas luces parece ser procedente das obras do AVE. Neste sentido, cómpre recordar que a maioría das verteduras prodúcense cando teñen lugar treboadas ou choivas intensas na zona, o cal parece indicar algún tipo de carencia canto ás medidas de prevención e contención. Máis aínda, existe a sospeita de que a concorrencia deste tipo de condicións climáticas pode ter sido aproveitada para baleirar



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

balsas con depósitos e que podería explicar a observancia de presunta contaminación producida por lodos xa que as augas presentan unha cor grisácea ou marrón.

Hai que engadir que boa parte do territorio potencialmente afectado por estas verteduras ten diversos graos e figuras de protección como a propia Rede Natura. Máis aínda, segundo lle foi transmitido a este Grupo Parlamentar, no ano 2015 ADEGA realizou unha analítica na que se detectou a presenza de metais pesados.

Cómpre recordar que após a nova vertedura do 8 de maio que chegou a ser visíbel no paso do Támea por Verín, as autoridades do Concello de Verín desenvolveron unha serie de actuacións de vixilancia e posta en común na procura dunha solución. Así mesmo, a Mancomunidade sumouse a esta vontade. Porén, alén da implicación municipal, desde o Bloque Nacionalista Galego, á luz destas cuestións, consideramos que a Xunta de Galiza e a Consellaría competente debe centrar esforzos nesta cuestión e deixar de ignorar un problema ambiental potencialmente grave que mesmo pode ter repercusións na saúde pública.

Coa chegada do verán repetíronse as sospeitas de verteduras e mesmo a poboación da zona desenvolveu unha gran manifestación a comezos de agosto con saída de Cerdedelo para demandar solucións para o río.

Finalmente, cómpre recordar tamén a distorsión que supón na xestión e nos usos do Támea, tanto por parte da veciñanza como do tecido asociativo como dos termos municipais, a anomalía de non pertencer a unha institución galega. Das catro bacías existentes en Galiza, a Xunta de Galiza só conta con competencias exclusivas na bacía hidrográfica Galicia-Costa. A Demarcación Hidrográfica do Douro é de xestión exclusiva do goberno central.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir a reiteración de verteduras no río Támega ou nos seus afluentes?

Que medidas de reparación ten pensado levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir as condicións óptimas do río Támega do punto de vista ambiental e sanitario?

Desenvolveu desde o ano 2010 algún tipo de sanción a algunha empresa con motivo de verteduras ao río Támega ou algún dos seus afluentes? Cantas, en que data, a que empresas e con que contías?

Sobre esta vertedura concreta, cal é o estado da investigación, se a hai, desde o ámbito da Xunta de Galiza? Se non a hai, cales son as razóns para non xulgala precisa?

Coñece a Xunta de Galiza cal está a ser o resultado das actuacións do SEPRONA?

Considera a Xunta de Galiza que a resposta da Confederación Hidrográfica competente é adecuada?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 13:15
Nº Rexistro: 35519
Data envío: 31/08/2018 13:15:49.879

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 13:12:28

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 13:12:36

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 13:12:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 13:12:38

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 13:12:40

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 13:12:41



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 35521
Data envío: 31/08/2018 13:19:24.708

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as actuacións que ten previsto desenvolver a Xunta de Galiza para evitar que a maternidade penalice o desenvolvemento da carreira investigadora das mulleres.

Nas últimas décadas, numerosos estudos teñen analizado a existencia, causas e alcance da brecha de xénero na ciencia e na tecnoloxía. Estes estudos sinalan que existen menos investigadoras, publican menos, obteñen menos financiamento e máis atrancos para progresas na súa carreira como científicas e tecnólogas.

Esta situación de desigualdade ten motivado a aprobación de resolucións e iniciativas a nivel institucional que expresan a preocupación pola escasa representación das mulleres na investigación científica e tecnolóxica. Entre os estudos relacionados con este asunto destaca o informe que ETAN (*European Technology Assessment Network*), publicou en 2001. Trátase dun documento referencial neste ámbito. Entre as súas conclusións destaca que considera que a infrarrepresentación das mulleres ameaza os obxectivos científicos de alcanzar a excelencia, ademais de ser un malgaste e unha inxustiza. No citado informe introdúcese unha serie de recomendacións para establecer cambios nas políticas públicas que rematen coa brecha de xénero neste ámbito. Entre as principais recomendacións que realiza están:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A recompilación de datos desagregados por sexo e comparables entre países.
- Realización dunha análise das barreiras que impiden o acceso pleno das mulleres á ciencia e á tecnoloxía e o seu ascenso.
- A análise das diferenzas salariais existentes.
- Proceder a unha integración da igualdade de trato, de accións positivas e do *mainstreaming* de xénero nas políticas educativas e científicas.
- Mellorar as prácticas de selección e de promoción profesional.
- Representación mínima dun 40% de mulleres en todos os ámbitos.
- Orientación académica e laboral non sexista.
- Procurar o emprego de persoas expertas volantes.

Malia que van case dúas décadas desde a aprobación destas directrices, así como diferentes plans e resolucións tanto no ámbito galego como estatal e internacional, a discriminación de xénero segue a ser unha realidade que se manifesta no ámbito do coñecemento e da ciencia. Os datos estatísticos e as denuncias que se veñen formulando así o confirman.

Recentemente unha investigadora galega do Sergas (María de la Fuente) denunciaba ser discriminada polo feito de acollerse a baixas relacionadas coa súa dobre maternidade”. María ten 39 anos, é científica e nai de dous fillos. Denuncia con toda clareza que “Como tantas mulleres, fun penalizada no traballo debido á maternidade.” A



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 35521
Data envío: 31/08/2018 13:19:24.708

causa reside nunha discriminación evidente: o seren avaliados os seus méritos (publicacións científicas, conferencias, patentes, teses doutorais dirixidas...) nun período de tempo concreto, non se ten en conta o tempo que estivo de baixa por maternidade. Isto constitúe unha desvantaxe e unha penalización polo feito de exercer os seus dereitos como traballadora cando é nai e un incumprimento da lexislación vixente na Galiza en materia de igualdade. Así o artigo 1. 2. d) do *DECRETO lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade*, establece que “O fomento da comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller, e ademais instrumentando outros efectos positivos. A protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen politicamente. Sendo a maternidade un ben insubstituíble, todas as cargas e os coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización dos fillos, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituíren discriminación gravosa para as mulleres. Neste sentido, a Xunta de Galicia aplicará todas as súas competencias para conseguir que se materialice, na práctica, o principio mencionado e a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres.”

Cómpre unha actuación dos poderes públicos galegos e nomeadamente da Xunta de Galiza con competencias en materia de igualdade para evitar situacións como as que relatamos nesta iniciativa e evitar as discriminacións de xénero. Só desde unha aposta real e clara por facer efectiva a igualdade de oportunidades e dereitos entre homes e mulleres se pode construír con éxito un espazo galego de investigación.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 35521
Data envío: 31/08/2018 13:19:24.708

-Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a situación das mulleres no desenvolvemento da súa carreira como científicas e tecnólogas no ámbito galego?

-Considera suficiente as accións para evitar a brecha de xénero na sistema científico e tecnolóxico da Galiza?

-Que valoración realiza da denuncia presentada por unha investigadora galega que afirma ser discriminada por ser nai? Existen máis denuncias neste sentido que coñeza a administración?

-Que medidas vai adoptar para garantir o principio de que a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres en xeral, e particularmente no ámbito científico?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 35521
Data envío: 31/08/2018 13:19:24.708

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 13:18:10

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 13:18:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 13:18:16

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 13:18:17

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 13:18:18

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 13:18:20



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás molestias que ocasiona a colocación das atraccións de feira pegadas ao centro de saúde de Tui.

O Concello de Tui tomou a decisión de que as atraccións de feira que se instalan con motivo das festas patronais de San Telmo, ubicalas na explanada que está pegada ao centro de saúde.

Como é de supoñer estas atraccións exceden con moito o volume, que se poida considerar aceptábel para poder ser compatíbel coa prestación sanitaria que se ten que realizar no centro sanitario. Ao ruído das atraccións súmase a existencia dun fío musical con altofalantes.

O nivel de ruído e de decibelios afecta negativamente á saúde das persoas doentes que acoden ao centro e fai practicamente imposíbel que @s profesionais poidan realizar a súa labor, sobre todo no horario de tarde e noite.

A isto hai que engadir que non queda espazo para que poidan estacionar as persoas que teñen que acudir ao centro, nin sequera se se trata dunha urxencia, ou persoas con problemas de mobilidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Parécelle axeitada a ubicación decidida polo concello de Tui para as atracción de feira das festas de San Telmo?

-Coida que é compatíbel unha axeitada calidade asistencial coa cantidade de ruído e decibelios que xeran estas atraccións?

-Vai o Sergas solicitarlle ao concello de Tui que minimize a repercusión negativa na asistencia sanitaria do centro de saúde de Tui por mor da presenza das atraccións de feira na explanada pegada ao mesmo, coa baixada do volume o máximo posíbel das atraccións, a retirada do fío musical, e a habilitar unha zona para aparcamento do centro de saúde?

-Vai solicitarlle que en vindeiros anos busque unha ubicación alternativa, que non supoña como a actual, a case imposibilidade de prestar asistencia sanitaria no centro de saúde, especialmente en horario de tarde e noite?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 13:26
Nº Rexistro: 35523
Data envío: 31/08/2018 13:26:48.676

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 13:26:16

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 13:26:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 13:26:22

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 13:26:23

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 13:26:24

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 13:26:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

As perspectivas para o 2018 canto á suba de prezos e o seu correlato na situación económica das e dos galegos non é todo o alentadora que pretendeu a autocomplacencia do Partido Popular na Xunta e no Estado nin ten sido obxecto de atención por parte do goberno socialista de Pedro Sánchez. A isto súmase unha fiscalidade excesiva e abusiva que debe ser revisada.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos unha fonda preocupación pola situación que atravesan moitos galegos e galegas. As consecuencias da crise socioeconómica sobre a capacidade financeira os fogares galegos continúan a ser un problema á orde do día debido á falta de recuperación económica, á consolidación do desemprego e a inestabilidade laboral. Deste xeito, observamos que malia incrementárense os custos da vida (luz, gas, combustíbeis, peaxes...) non aumenta a capacidade económica e isto leva a que moitas persoas o pasen realmente mal para pagar servizos tan básicos como a electricidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O prezo da electricidade subiu un 10% en 2017 e prevese para 2018 acadar o prezo máximo da historia. Malia a importancia doutros factores como os climáticos, é obvio que o sistema de fixación do prezo da factura, sempre en base á tecnoloxía máis cara que participa, é determinante. Porén, non son a única causa de que teñamos unha factura tan elevada e hai decisións políticas que se poden tomar con carácter inmediato para abaratala.

A electricidade ten no Estado Español ten unha fiscalidade excesiva, ademais do Imposto Especial á Electricidade, ten o IVE no tramo máis alto, do 21%, o que fai que sexa un dos IVE máis altos de Europa por detrás dos países nórdicos. Máis aínda, as e os galegos pagarán máis por causa dos suplementos autonómicos.

Faise a todas luces evidentes que é precisa unha racionalización da súa fiscalidade, que pasaría por reducir os impostos aplicados e como medida urxente sería preciso comezar por rebaixar o IVE do 21% ao tipo superreducido do 4%. A única razón para que isto non se faga é o afán recadatorio do Estado, polo que nun contexto onde a factura eléctrica ten chegado aos niveis máis altos da última década mentres aumenta a recadación do Estado a niveis pre crise, é preciso aplicar un IVE acorde coa concepción da enerxía como un servizo elemental.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Ten demandado ou vai demandar a Xunta de Galiza algunha medida fiscal por parte do goberno estatal de cara a abaratar a factura da electricidade?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 13:36
Nº Rexistro: 35529
Data envío: 31/08/2018 13:36:39.379

Que valoración fai o Goberno galego da constante suba do prezo da electricidade?

-Considera xustificábel a Xunta de Galiza que os galegos e galegas deban pagar no seu recibo de electricidade o imposto especial de electricidade para alén do IVE correspondente?

-Considera o Goberno galego necesario reducir o IVE aplicado á factura eléctrica?

-Vai mudar o goberno a súa propia política fiscal canto á enerxía, vistas as consecuencias para os e as consumidoras?

-Debe pagar máis Galiza por ser produtora?

-Considera o Goberno galego suficiente o seu esforzo en materia de enerxía renovábel para a produción eléctrica? Ten previsto facer algunha mudanza?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 13:36
Nº Rexistro: 35529
Data envío: 31/08/2018 13:36:39.379

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 13:35:04

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 13:35:09

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 13:35:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 13:35:12

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 13:35:13

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 13:35:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A situación da Atención Primaria no Servizo Galego de Saúde, empeza a ter deficiencias de carácter estrutural, con incrementos na lista de espera para ter unha cita e cun persoal cada vez máis saturado, o que repercute non só nas condicións laborais do persoal si non tamén na calidade asistencial da propia sanidade.

No Concello de Cambre, pese a que a Xunta inaugurou en plena campaña electoral un novo centro de saúde na parroquia do Temple, nunca chegou a dotalo de suficiente persoal que puidese facer fronte a demanda poboación non só do Concello de Cambre, si non tamén de Carral, cun Servizo de Atención Primaria que da asistencia a máis de 30.000 usuarias/os.

A falta de facultativos de pediatría e fisioterapia, unido incapacidade da Xunta en xestionar de xeito eficaz a cobertura de prazas en caso de baixas ou vacacións, provocan situacións de colapso que repercuten directamente na cobertura sanitaria.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- Cal é a xustificación do Goberno para non xestionar eficazmente a cobertura de prazas durante baixas ou vacacións?
- Pensan dotar o Centro de Saúde do Temple dun pediatra en turno de tarde?



- Pensemos dotar o Centro de Saúde do Temple dun fisioterapeuta a maiores para evitar as listas de espera actuais?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 13:04:58

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

Fai tempo que tanto as e os profesionais, como sindicatos, asociación ou o propio consello de contas, veñen denunciando o abuso da temporalidade nas contratacións do SERGAS.

A semana pasada, a instancias da Inspección de Traballo que actuou movida por unha denuncia formulada polo sindicato de enfermería SATSE, a Tesorería General de la Seguridad Social resolvía que o Servizo Galego de Saúde ten a obriga de cotizar as fins de semana e festivos nos que sistematicamente parte do seu persoal contratado permanece de baixa.

As e os profesionais inscritos na listas de contratación do SERGAS, está recibindo resolución da Dirección Provincial da Seguridade Social nas que se lles comunica a obriga do SERGAS de ingresar as cotizacións non declaradas por aqueles días non laborables entre dous ou máis contratos concatenados de luns a venres.

Segundo a Inspección de Traballo, a práctica habitual consiste en contratar de luns a venres a unha persoa como substituta dunha praza fixa e dala de baixa na fin de semana ou festivo para volver a tramitar a s alta no día laborable seguinte.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Ten coñecemento a Xunta de Galicia sobre as irregularidades que sinala a Inspección de Traballo en relación ás contratacións no Servizo Galego de Saúde?
- Considera a Xunta de Galicia que está a realizar unha contratación axeitada no SERGAS?
- Cando ten previsto convocar Ofertas Públicas de Emprego para o Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 13:08:30

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

No ano 2016 suicidáronse en Galicia un 7% máis de persoas que no ano 2015, o que supón unha taxa de 12,69 mortes por cada 100.000 habitantes, moi superior a media española de 7,76. Son datos alarmantes que, por desgraza, non están a recibir a atención que merecen por parte das institucións. Dende o ano 2008, o número de suicidios supera o de mortes en accidente de tráfico, chegando os últimos anos a duplicalo (en 2014 morreron en Galicia 181 persoas en accidente de tráfico e 371 a causa dos suicidios). Non obstante, as institucións galegas e do estado non desenvolveron medidas de concienciación e prevención para evitar os suicidios como si se fixo para acabar coas mortes na estrada. Como consecuencia, os suicidios continúan aumentando, chegando a constituír un gravísimo problema de saúde pública.

O incremento dos suicidios é en gran medida un síntoma da dor inmensa que experimenta a sociedade con motivo da crise. Un suicidio non é nunca un asunto privado, senón que responde a cuestións estruturais que son, por definición, políticas. Así, durante os anos máis duros da crise, no período comprendido entre 2007 e 2014, España foi vítima dun aumento dos suicidios do 20%, o que se traduce na trágica morte de 3.910 persoas. Obsérvase, ademais, que un dos maiores incrementos prodúcese na franxa de idade que está ao redor dos 50 anos (un 38%) que coincide precisamente cun dos grupos de poboación máis castigados pola ausencia de emprego e a precariedade.

No caso de Galicia, o ano pasado atopamos a maior diferenza co resto do estado precisamente nos homes de mediana idade e, polo tanto, en idade de traballar e de formar parte activa da sociedade. Entre os 40 e os 49 anos a taxa de suicidios en Galicia foi de 15 persoas por cada 100.000 habitantes; se nos centramos só nos homes, que presentan unha maior mortalidade por suicidio que as mulleres, a cifra é de 25 por cada 100.000. No resto do estado, a taxa é de 10 persoas (15 varóns) por cada 100.000.

É inevitable preguntarse cantas desas mortes non se terían producido se se garantiran as condicións materiais mínimas para unha vida digna.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte
Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Vai a Xunta de Galicia a dotar dunha partida orzamentaria o Plan Galego de Prevención de Suicidios?
- Vai a dotar dito Plan do persoal necesario para que se poda desenvolver correctamente?
- Como vai a supervisar a implantación e execución do Plan?
- Pensa a Xunta de Galicia levar a cabo un programa de formación dirixido ás e os profesionais da sanidade para o tratamento temperá de factores que inciden no suicidio?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández



Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 13:15:21

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 5.^a, relativa ao tratamento dos presos afectados con Hepatite C.

A situación sanitaria que o virus da Hepatite C provoca entre a poboación reclusa, atópase expresamente recollida no “Plan Nacional para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud”.

A Liña Estratéxica 1 do Plan aprobado polo Ministerio, identifica como poboación prioritaria en materia de prevención para reducir a incidencia da Hepatite C ás persoas internas en Institucións Penitenciarias.

A pesar do estipulada no Plan, foron moitos os conflitos xurdidos en relación a este tema, xa que tanto por parte do Goberno como da Xunta, foi restrinxida a medicación aos reclusos ao considerar o SERGAS que era competencia do Ministerio de Interior facerse cargo do tratamento, aplicando un criterio económico fronte ao dereito á saúde, como así se fixo constar na sentenza do TSXG de 20 de maio de 2015.

Ante a negativa do SERGAS á dispensación destes tratamentos as persoas reclusas, a alternativa dada por Instituciones Penitenciarias foi a posibilidade de que aquelas ou aqueles internos que tivesen prescritos os tratamentos por parte dos servizos de medicina especializada, tiñan a posibilidade de ser trasladados aos penais de Madrid II e Madrid V para recibir ditos tratamentos, supoñendo esta alternativa un agravamento nas condicións de cumprimento de condena para as persoas afectadas, ao ser estas afastadas do contorno social, como a



posibilidade de desfrutar das visitas durante os períodos de tratamento. Converténdose polo tanto nunha medida disuasoria.

Froito dunha iniciativa presentada por AGE na anterior lexislatura e aprobada por unanimidade neste Parlamento, instouse á Xunta de Galicia a establecer un sistema coordinado entre o SERGAS e a Dirección General de Instituciones Penitenciarias para unha aplicación efectiva e eficaz do disposto no Plan para abordaxe da Hepatite C no ámbito dos centros penitenciarios de Galicia.

Colectivos de afectados denuncian que dende a firma do convenio apenas están recibindo o tratamento ambulatorio media ducia dos cerca de 164 reclusos aos que lles foron recetados.

Por todo o anterior, En Marea PREGUNTA:

- Cal é o número de persoas reclusas tratadas dende a entrada en vigor do convenio?
- Cales son os protocolos de actuación e coordinación establecidos entre o SERGAS e Instituciones Penitenciarias para o cumprimento do Plan en relación as persoas reclusas?
- Ata que medida compromete o convenio a coordinación entre o SERGAS e Instituciones Penitenciarias?
- Que consecuencias ten o incumprimento do convenio para o SERGAS?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 13:27:54

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Diferentes colectivos de traballadores e asociacións profesionais do ámbito das emerxencias en Galicia, están a denunciar as graves carencias na xestión e organización diaria das emerxencias. Denuncian, a falta de actualización do mapa dos servizos de intervención, a arbitrariedade na cobertura xeográfica dos recursos, a existencia dun desequilibrio territorial na protección da cidadanía nas emerxencias, así como a falta de verdadeiros criterios técnicos na mobilización de medios. Todas estas carencias, provocan unha improvisación constante que aumenta as posibilidades de actuacións negligentes.

Algunhas destas demandas, xa foron trasladadas con AGE na anterior lexislatura e con En Marea nesta, contando como ben sendo habitual, co voto en contra do Partido Popular, como sucedeu cos recursos existentes do 061.

Pero a situación agrávase aínda máis, tendo en conta a insistencia da Xunta de Galicia no traslado do servizo de emerxencias do 112 ás novas instalación da Estrada. Traslado que se fixo efectivo ás costas do persoal, en canto a negociación das súas condicións laborais, e pese os avisos do comité de empresa sobre os continuos fallos no funcionamento da plataforma informática.

Por desgraza, todos estes fallos, víronse confirmados nestes días con terribles sucesos como os incendios ou o afundimento do pesqueiro *Nuevo Marcos*, no que segundo transmitiron de xeito conxunto a Asamblea de Traballadoras e Traballadores do 112-Galiza, a Asociación Galega de Técnicos en Emerxencias



Sanitarias, a Asociación de Técnicos de Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia, a Mesa Intersindical de Bombeiros e a Plataforma de Bombeiros Públicos de Galicia, no caso do barco, todos coinciden en sinalar que a falta dun mapa actualizado de recursos para mobilizar, así como o colapso da plataforma que o 112 ven denunciando, supuxo que á hora de mobilizar o recurso esencial (o helicóptero de rescate Pesca-I), a plataforma bloqueou a chamada de alerta retrasando arredor de dez minutos a saída.

Estas denuncias, unidas ao que ten acontecido, supoñen feitos moi graves que poñen en risco un servizo esencial como é o das emerxencias, cunha privatización sistemática dos seus medios que supoñen a precarización das condicións laborais das traballadoras e traballadores así como dos propios servizos de emerxencias.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Pensa a Xunta de Galicia seguir de costas coas traballadoras e traballadores ante o traslado?
- 2.- Vai a tomar algunha medida a Xunta de Galicia en relación aos fallos que amosa a nova Plataforma?
- 3.- Que tipo de actuacións vai a levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar as deficiencias denunciadas?
- 4.- Que previsións ten a Xunta de Galicia para o conxunto dos servizos de emerxencias en Galicia?



5.- Pensa a Xunta de Galicia reverter as privatizacións de ditos servizos apostando por unha xestión directa dos mesmos?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/08/2018 13:49:58

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

As Directrices de Paisaxe son, segundo o artigo 10 da Lei 7/2008, determinacións fundamentadas no Catálogo das paisaxes que establecen para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística.

A lei tamén establece que os obxectivos de calidade paisaxística deben expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e ao grao de compromiso na protección da paisaxe, polo que a determinación destes obxectivos debe partir dun proceso de participación pública.

O proceso de participación pública para a elaboración das Directrices de Paisaxe tivo lugar entre febreiro e abril de 2016.

Tal e como establece a Lei 7/2008, as Directrices de Paisaxe inclúen:

- Os indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e evolución das unidades de paisaxe.
- Normas e recomendacións para a integración dos obxectivos de calidade paisaxística nos plans urbanísticos e sectoriais, así como nas estratexias rexionais ou locais.

Estas determinacións impleméntanse mediante directrices de carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística.

O borrador de Directrices de Paisaxe, actualmente en tramitación, inclúe:

1. Directrices xerais para a consideración da paisaxe no planeamento urbanístico, noutros instrumentos de ordenación ou xestión do territorio (instrumentos de ordenación e xestión de espazos naturais, de ordenación e xestión forestal e procedementos de reestruturación parcelaria) e directrices para a integración paisaxística das construcións en solo rústico.
2. Directrices para elementos presentes en distintos tipos de paisaxe: infraestruturas enerxéticas e viarias, parques eólicos, bancais, peches, valados, sebes, elementos do patrimonio cultural materiais e inmateriais, polígonos industriais, sendas, Camiños de Santiago, viarios históricos e tradicionais, miradoiros e puntos de observación.
3. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de cada Grande Área Paisaxística e das diferentes unidades de paisaxe.
4. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de AEIP e AEAP.

O Consello da Xunta aprobou o 12 de decembro de 2016 o inicio do trámite de avaliación ambiental das Directrices de Paisaxe.

Feijóo anunciou naquel momento que as Directrices serían aprobadas en 2017 facendo fincapé en que as Directrices de paisaxe son un deber legal, tal e como figura na Lei de protección de paisaxe de Galicia, e un deber colectivo da sociedade, xa que fai falta diagnosticar os obxectivos de calidade e garantir unha mellor xestión e protección.

Un ano e medio despois as Directrices de Paisaxe seguen sen aprobarse, segue sen aprobarse a Avaliación Ambiental, mentres si avanza, por exemplo, os proxectos de instalación de parques eólicos polo país, que se proxectan sen os



condicionantes cos que deberían de contar no caso de que fosen unha realidade ditas Directrices.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1) Cal é o motivo polo cal non están aprobadas as Directrices de Paisaxe no prazo prometido polo Presidente da Xunta de Galicia?
- 2) Como valora o feito de que se proxecten parques eólicos sen contar coas Directrices aprobadas?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 31/08/2018 14:40:26

Marcos Cal Ogando na data 31/08/2018 14:40:32



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 10:48
Nº Rexistro: 35633
Data envío: 03/09/2018 10:48:12.095

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á necesidade de consolidación e intervención arredor da torre medieval de Sande no concello de Cartelle para a súa boa conservación.

No concello de Cartelle, na parroquia de Sande, atópase a coñecida como fortaleza ou torre de Sande, unha xoia medieval da nosa historia que se levanta sobre unha superficie rochosa erguéndose a máis de 500 metros de altura. Concibida para a vixilancia e o control das terras próximas, do mesmo xeito que outras torres conservadas en concellos próximos como é o caso de Sandiás, esta estrutura constitúe un dos vestixios de arquitectura de funcionalidade militar existentes na comarca, o que salienta a importancia desta na Idade Media.

A torre foi declarada como de Interese Turístico Nacional xa no 1949 e atópase tamén baixo a protección da Declaración xenérica do Decreto de 22 de abril de 1949 e da Lei nº 16/1985 sobre o Patrimonio Histórico Español. No ano 2009 a Consellería de Cultura prevía a consolidación e posta en valor das fortalezas e torres militares das comarcas da Limia, Verín e Terras de Celanova que tería incluído esta torre alén doutros espazos, porén non chegou a realizarse. Actualmente, esta



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 10:48
Nº Rexistro: 35633
Data envío: 03/09/2018 10:48:12.095

construción recollida no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galiza da Xunta con protección xurídica de declaración de Ben de Interese Cultural.

Cómpre recordar que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza recolle no seu artigo 88 como patrimonio arquitectónico “a) Os bens propios da arquitectura defensiva, entendendo por tal todas as estruturas construídas ao longo da historia para a defensa e o control dun territorio do que forman parte. No conxunto da arquitectura defensiva destacan singularmente os castelos, as torres defensivas, as murallas e os muros circundantes urbanos, as construcións defensivas con baluartes e os sistemas defensivos que configuran, os arsenais navais, os cuarteis, as baterías de costa, as polvoreiras e os restos de todos eles, con independencia do seu estado de conservación, de se se encontran soterrados ou descubertos ou de se se integran ou non noutro ben inmovible. Todas estas tipoloxías de inmoables construídos antes de 1849 teñen a consideración de bens de interese cultural.”

Malia estes recoñecementos e a importancia cultural, histórica e patrimonial da torre, actualmente atópase nun estado alarmante que require de intervención por parte das administracións. O seu acceso é complicado por mor da maleza e da superficie rochosa e ademais hai dúbidas canto á seguridade xa que o aspecto (especialmente unha fenda situada nun dos muros) parece indicar que a falta de coidado e intervención puido afectar negativamente á conservación da súa estrutura co paso do tempo e as incidencias metereolóxicas. Veciñanza e colectivos sociais da zona veñen demandando, polo tanto, que as administracións asuman a responsabilidade de levar a cabo as actuacións necesarias para a súa conservación, garantir a seguridade no seu acceso e contribuír a conservar a memoria colectiva da nosa historia e valorizar o papel dunha zona afectada polo despoboamento do rural.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia o Partido Popular rexeitar as propostas que ten feito o Bloque Nacionalista Galego, as necesidades da Torre continúan. Aínda que as nacionalistas entendemos que debера levarse a cabo un proxecto que valorice a importancia desta construción en relación coas construcións similares das comarcas limítrofes, o mínimo é que a Xunta de Galiza asuma a súa responsabilidade canto a unha mínima conservación e seguridade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir a consolidación, conservación e accesibilidade da Torre de Sande en Cartelle?

-Algunha en colaboración co concello? Algunha en colaboración económica co concello?

-Coñece o goberno galego é o actual réxime patrimonial da Torre de Sande? En caso de poder confirmar a Xunta de Galiza a súa pertenza a un propietario ou propietaria identificábel, ten previsto requirir desta persoa ou persoas responsabilidade patrimonial a respecto do estado do ben?

-Considera a Xunta de Galiza que ten cumprido coas súas obrigas canto á conservación do noso patrimonio?

-Ten avaliado o goberno galego a idoneidade de planificar traballos de restauración e conservación para este ben?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 10:48
Nº Rexistro: 35633
Data envío: 03/09/2018 10:48:12.095

-Ten avaliado o goberno galego a idoneidade de levar a cabo unha planificación para a valorización deste ben no marco da importancia da arquitectura militar e defensiva nesta zona para o aproveitamento cultural, histórico e turístico?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 10:45:23

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 10:45:33

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 10:45:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 10:48
Nº Rexistro: 35633
Data envío: 03/09/2018 10:48:12.095

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 10:45:36

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 10:45:38

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 10:45:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Nos pasados días o comité de empresa da consellaría de Política Social na provincia de Pontevedra iniciou unha campaña de denuncia das deficiencias e falta de persoal no Centro de persoas maiores de Campolongo (Pontevedra). O comezo desta campaña é resultado da falta de resposta por parte da consellaría a demandas formuladas desde 2015.

Entre outras, o comité formula as seguintes demandas para a mellora da atención asistencial na residencia:

- Mellora nos ascensores por seren insuficientes e non axeitados para persoas con mobilidade reducida.
- Instalación de tomas de osíxeno e aspiración nas habitacións, xa que hai residentes que pola súa inmovilidade reciben alimentación nos cuartos.
- Reformas nos pisos terceiro e cuarto para adaptalos ás persoas que os utilizan.
- Modificacións dos usos dos montacargas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 10:59
Nº Rexistro: 35636
Data envío: 03/09/2018 10:59:18.361

- Melloras no servizo de cociña.
- Dotación do comedor con elementos de seguridade para as persoas usuarias.
- Modificación do acceso á cafetería para as persoas que viven na residencia.
- Comedores e salas de estar en todas as plantas.
- Dotación de maquinaria necesaria en comedor, cociña, enfermaría e lavandaría.
- Finalización das obras no comedor do cuarto andar.

En materia de persoal, o comité demanda a ampliación do cadro de persoal coa contratación de dúas persoas para a enfermaría, cinco auxiliares de enfermaría e un/ha cociñeiro/a.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Como valora a Xunta de Galiza as demandas do comité de empresa a respecto da residencia de maiores de Campolongo (Pontevedra)?
- Desde cando coñece a Consellaría de Política Social estas necesidades?
- Que medidas prevé adoptar o goberno galego para corrixir as deficiencias denunciadas polo comité de empresa?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Prevé a Consellaría de Política Territorial incementar o cadro de persoal da residencia?

-En que prazos se van a realizar as melloras demandadas?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 10:58:35

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 10:58:40

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 10:58:41



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 10:59
Nº Rexistro: 35636
Data envío: 03/09/2018 10:59:18.361

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 10:58:42

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 10:58:45

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 10:58:46



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás deficiencias existentes no servizo de urxencias do CHUS.

@s profesionais do servizo de urxencias do CHUS, están a denunciar que a situación do servizo é insostíbel, tanto desde o punto de vista laboral como asistencial. Unha situación que veñen denunciando xa non desde hai meses, senón anos.

Unha situación de moi alta demanda, con moi pouco persoal, teñen unhas das ratios máis baixas dos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas, inferior ao CHUVI ou CHUAC. A situación do material é tremendamente deficitaria, cun nivel de deterioro moi importante, obsoleto en moitos casos, sen recambios, cun déficit de dotación en materiais básicos como tensiómetros, fonendos... dificilmente entendíbel.

Todo ten unha clara repercusión tanto na calidade asistencial que se pode prestar como nas condicións laborais nas que teñen que prestar a atención @s profesionais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:01
Nº Rexistro: 35637
Data envío: 03/09/2018 11:01:15.501

A situación é coñecida por parte da Xerencia, @s profesionais atopáronse nun primeiro momento coa negativa da mesma a atender as peticións chegando incluso a negar a realidade diante dos reiterados intentos de transmitir a situación. Tras recoñecer a situación, esta non ten mellorado, xa que pese a que por parte da xerencia se teñen acadado compromisos, estes nunca se teñen materializado.

As demandas que están a realizar son as cuestións mínimas esixíbeis ante a caótica situación na que se atopa o servizo de urxencias, e desde logo lonxe de garantir un espazo laboral e sanitario seguro e de calidade, de establecer un novo modelo de organización e dun cadro de persoal e material preciso para desenvolvelo.

Solicitan unha dotación mínima de persoal(1 celador/a en quenda de noite, 1 enfermeir@ por quenda,1 Tcae en quenda de mañá e noite...) e a reposición ou dotación do material imprescindible para poder prestar unha atención sanitaria cun mínimo de calidade e dignidade (padiolas, cadeiras de rodas, tensiómetros, electrocardiógrafos, carros de enfermería, paus de soros, renovación de monitores e respiradores de sala de críticos...)

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Coida o Goberno galego que o Sergas pode prestar unha boa calidade asistencial na situación que se encontran os servizos de urxencias hospitalarias?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:01
Nº Rexistro: 35637
Data envío: 03/09/2018 11:01:15.501

-Vai o Goberno galego atender as demandas d@s profesionais do servizo de urxencias do CHUS e polo tanto proceder a dotar de inmediato tanto cos profesionais que están a demandar, como co material básico e imprescindible, para poder prestar unha atención sanitaria cun mínimo de calidade e dignidade?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 11:00:19

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 11:00:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:01
Nº Rexistro: 35637

Data envío: 03/09/2018 11:01:15.501

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 11:00:26

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 11:00:28

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 11:00:30

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 11:00:32



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O centro de menores de Montealegre, en Ourense, leva pechado desde que no ano 2012 a Xunta de Galiza decidira, sen buscar consenso social e político, interromper os seus servizos coa desculpa de efectuar unha serie de reformas e obras.

Xa no 2012, o BNG alertaba de que esta operación viña acompañada dunha serie de indicios que facían ver a súa posíbel privatización e externalización, como o feito de modificar a relación de postos de traballo para amortizar os postos temporais e desprazar os fixos para o centro da Carballeira, que tamén absorbeu as e os menores que estaban a ser atendidos no centro.

Unha vez máis, conséntase que efectivamente foi unha estratexia do Partido Popular para cercenar un servizo público máis. Este 1 de marzo vén de certificarse a intención privatizadora do PP e vén de ser publicada no Diario Oficial de Galiza a resolución do 23 de febreiro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto, polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense. Recóllese desta forma o procedemento para a execución dun programa de acollemento residencial de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galiza, especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta.

Alén do escurantismo que veu practicando a Xunta de Galiza no último lustro e da ausencia dun proceso dialogado para definir a xestión do Centro, chama a atención tamén que o número de prazas sexa de 24 e que as obras destes anos, que acumulan un investimento de case dous millóns de euros, non supoñan unha ampliación da capacidade. Por riba, isto supón unha amortización escondida de postos de traballo públicos que as organizacións de traballadores tamén rexeitan.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cales son as razóns para que a Xunta de Galiza privatice a Xestión do Centro de Menores de Montealegre (Ourense)?

-Cales son as razóns para a demora no proceso de obras e acondicionamento ao longo de máis de cinco anos?

-Seguiu a Consellaría algún plan de traballo específico para consensuar coa comunidade socioeducativa ou cos colexios profesionais do sector as condicións de funcionamento nas que deberá abrir o centro?

-Por que non supoñen estas obras un aumento considerábel da capacidade do centro?

-Considera atinado destinar recursos públicos da Xunta de Galiza á restauración dunha infraestrutura para entregala despois a mans privadas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Elaborou algún tipo de estudo a Xunta de Galiza para avaliar se sería máis rendíbel economicamente a xestión privatizada?

-Cales son as razóns para ocultar durante cinco anos a decisión de privatización?

-Por que leva a cabo a Xunta de Galiza un ERE encuberto?

-Ten establecido canles de diálogo co cadro de persoal orixinal do centro? En que termos e con que resultados?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2018 18:49:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:01
Nº Rexistro: 35639
Data envío: 03/09/2018 11:01:58.267

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2018 18:49:28

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2018 18:49:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2018 18:49:35

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2018 18:49:40

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2018 18:49:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:04
Nº Rexistro: 35641
Data envío: 03/09/2018 11:04:12.501

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á atención da cirurxía pediátrica en Ourense.

A sanidade debera ser entendida por parte da Administración galega como un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas, máis aínda cando falamos da poboación infantil. Porén, para o caso de Ourense as decisións durante anos dos gobernos Feijóo camiñaron en dirección contraria. Así as cousas, durante os primeiros días do mes de outubro de 2013 coñeceuse publicamente a confirmación da decisión unilateral do SERGAS de constituír para a cirurxía pediátrica unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza.

Esta decisión supuxo na práctica que moitas familias e crianzas de Ourense que precisen deste servizo fóra da xornada ordinaria e da programación teñan que desprazarse a Vigo para o empregar. Para as crianzas e para as persoas da súa contorna persoal, desprazarse a Vigo supón un esforzo e unha complicación, máis aínda cando se trata de nenos e nenas de fóra da cidade ou das poboacións achegadas á conexión con Vigo.

No ano 2018, malia o incremento de capacidade orzamentaria, non houbo rectificación algunha. Desde o BNG entendemos que esta situación non está xustificada e obedece unicamente á consolidación de políticas en materia de recortes que vén



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:04
Nº Rexistro: 35641
Data envío: 03/09/2018 11:04:12.501

aplicando o goberno do Partido Popular desde a chegada de Feijoo á presidencia da Xunta. Máis aínda, nos últimos meses este grupo parlamentar recibiu denuncias de persoas afectadas que referiron o empeoramento do servizo chegando a vivir situacións nas que os preoperatorios caducaron e se incumpriron os prazos de agarda fixados pola normativa. Polo tanto, varios anos despois da implantación do sistema, urxe a súa revisión.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que actuacións levará a cabo a Xunta de Galiza para corrixir as deficiencias na atención de cirurxía pediátrica das e dos doentes de Ourense?
- Ten pensado o goberno galego rectificar a súa decisión de unificar a atención da cirurxía pediátrica das áreas de Vigo e Ourense?
- É consciente o goberno galego das dificultades e mesmo situacións traumáticas que pode supoñer para unha crianza de, por exemplo, o Ourense oriental, desprazarse até Vigo para unha intervención?
- Ten cuantificado o goberno galego o gasto económico e de recursos persoais e materiais que supoñen estes desprazamentos para o SERGAS?
- Como valora o goberno galego a ratio de espera das persoas doentes de esta área?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:04
Nº Rexistro: 35641
Data envío: 03/09/2018 11:04:12.501

- Considera o goberno galego que a precarización da atención dun servizo elemental para a seguridade da poboación infantil contribúe a fixar poboación e reverter a crise demográfica?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 11:03:42

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 11:03:46

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 11:03:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 11:03:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:04
Nº Rexistro: 35641
Data envío: 03/09/2018 11:04:12.501

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 11:03:51

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 11:03:52



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:08
Nº Rexistro: 35643
Data envío: 03/09/2018 11:08:09.079

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a praza de pediatría do centro de saúde de Escairón, no Concello do Saviñao, e as medidas que debe adoptar a Xunta para garantir a prestación do servizo.

A profesional que cubre o servizo de pediatría no Concello do Saviñao está de baixa e previsibelmente non se reincorporará ao seu posto de traballo até finais de 2018. Malia que esta profesional atende, ademais de Escairón, en distintos días da semana, as crianzas doutros concellos: Quiroga, A Pobra do Brollón e Bóveda; a Consellaría non a substituirá obrigando as familias a se desprazar até Monforte para ser atendidas.

Unha situación que non é exclusiva destes concellos e que se produce de maneira habitual no noso país.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Por que a Xunta de Galiza non substitúe a praza de pediatría no centros de saúde do Saviñao?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:08
Nº Rexistro: 35643
Data envío: 03/09/2018 11:08:09.079

- Pensa cubrir esta vacante antes de que a persoa titular se reincorpore ao seu posto de traballo?

- Cre o Goberno galego que esta situación, semellante á doutros concellos do país, respecta os dereitos das crianzas e das súas familias a recibir unha atención sanitaria acaída?

- Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para evitar que estas situacións poidan acontecer de novo?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 11:07:22



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:08
Nº Rexistro: 35643

Data envío: 03/09/2018 11:08:09.079

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 11:07:31

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 11:07:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 11:07:37

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 11:07:40

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 11:07:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:32
Nº Rexistro: 35649
Data envío: 03/09/2018 11:32:15.017

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

Durante anos veciñanza, asociacións locais e organizacións políticas reivindicaron a construción primeiro e a apertura despois dun Centro de Saúde no barrio do Couto, en Ourense. Trátase dun barrio con moita poboación e necesidades evidentes de mellora na proximidade de atención sanitaria, para alén das necesidades de desconxestión doutros centros de saúde próximo. Malia todo isto, diferentes atrancos e a falta de vontade política da Xunta de Galiza e outros axentes dificultaron a súa apertura ao público mesmo aínda estando en risco de perder a parte de axudas europeas que contribuíran á súa edificación.

Parecía que a apertura tería lugar en setembro de 2016 pero tamén entón tivo un adiamento malia os anuncios públicos previos. Na altura, a Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde de Ourense volvía dar marcha atrás ao non ter a licenza de ocupación nun novo episodio de demora.

Finalmente, na última semana de novembro de 2017 o Centro de Saúde abriu as súas portas. Porén, a falta de planificación e improvisación da Xunta repercutiu en saturación na administración e molestias para as persoas usuarias do Couto e de Nóvoa Santos porque mudaron automaticamente ás persoas adscritas a profesionais que agora



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:32
Nº Rexistro: 35649
Data envío: 03/09/2018 11:32:15.017

se desprazaban ao novo centro. A administración dedicouse a enviar cartas a usuarios e usuarias do Centro de Saúde de Nóvoa Santos (Xoán XXIII) indicándolles que como o seu médico ou médica se trasladaba ao Couto pasarían a ser atendidas alí ou ben debía ir mudar de profesional. A administración non fixo unha boa planificación da apertura e derivou en casos, por exemplo, de pais e nais de crianzas que vivindo no Casco Vello tiveron que ir facer cola ao Centro do Couto, afastado da que debera ser a súa zona, para seguir sendo atendidos en pediatría en Xoán XXIII porque a Xunta mudou ás persoas usuarias automaticamente ao desprazarse a persoa profesional de Pediatría ao novo centro. No lugar de consultar ás persoas afectadas e facilitar a elección ou explicar o cambio e trasladar a atención a outro ou outra Pediatra, a administración actuou con política de feitos consumados.

Doutra banda, pasados uns meses non acaban de darse por superadas outras eivas como filtracións de auga e problemas coa calefacción.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Cal é a avaliación do goberno galego do inicio de actividade do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense?

-Que protocolos para a reorganización sanitaria e de usuarios e usuarias desenvolveu a Consellaría de Sanidade? Coñece os problemas arriba exemplificados?

-Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego diante das problemáticas da apertura do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:32
Nº Rexistro: 35649
Data envío: 03/09/2018 11:32:15.017

-Cal é a concreción do cadro de persoal previo e posterior do C.S Nóvoa Santos?
E o número de tarxetas sanitarias adscritas?

-Cal é a concreción do cadro de persoal do C.S O Couto? E o número de tarxetas
sanitarias adscritas?

-Cal é o número de pediatras do C.S Nóvoa Santos previo á apertura do C.S O
Couto? E posterior?

-Cal é o número de pediatras do C.S O Couto?

-Están solucionados os problemas de filtracións de auga e insuficiencia da
calefacción?

-Cantas reclamacións cursou desde a súa apertura?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:32
Nº Rexistro: 35649
Data envío: 03/09/2018 11:32:15.017

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 11:25:06

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 11:25:10

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 11:25:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 11:25:13

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 11:25:15

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 11:25:16



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á posta en marcha dunha estratexia galega de atención as persoas con dano cerebral adquirido.

O dano cerebral adquirido é a lesión que se produce no cerebro de forma súbita como consecuencia dun accidente ou enfermidade. As principais causas son o ictus (78% dos casos), os traumatismos cranioencefálicos e outras causas como os tumores cerebrais, a falta de osíxeno no cerebro, etc. O 65% das persoas con DCA teñen máis de 65 anos. Hai anos eran os traumatismos cranioencefálicos resultados de accidentes. Hoxe é a primeira causa de discapacidade e dependencia en persoas adultas, segundo un estudo que realizou FEDACE (Federación Española de Dano Cerebral).

En Galiza son máis de 35.000 as persoas afectadas e aumentan en case 7.000 novos casos cada ano.

Estímase que até nun 89% dos casos de dano cerebral producen secuelas que provocan dependencia. Aínda que se dan problemas físicos, algúns severos, a maior parte das secuelas teñen que ver con problemas dememoria, problemas de comunicación, alteracións da conduta, alteracións emocionais, estados prolongados de coma etc. Son secuelas invisíbeis, que non se perciben a primeira vista e que, a ollos de quen non coñece o DCA, resultan difíceis de entender.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda non existe un recoñecemento pleno do DCA no ámbito científico, sanitario, administrativo ou xurídico, co que, algo tan real como son as secuelas (físicas, sensitivas e sensoriais, cognitivas, comunicativas etc) derivadas dunha lesión no cerebro, non teñen entidade administrativa e sanitaria propia. Sanitariamente, por exemplo, se parcializa o DCA en función das súas causas (ictus, traumatismo...) obviando as secuelas. Esta situación ten graves consecuencias prácticas, que van desde a clasificación do DCA como deficiencia física esquecendo outras secuelas, e polo tanto non accedendo a recursos de rehabilitación específico, o non recoñecemento da súa cronicidade como enfermidade, a inexistencia dun código DCA á alta hospitalaria ou a clasificación exclusivamente como discapacidade física no SAAD, Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia e no de servizos sociais.

Esta situación provoca moitas veces a falta dunha atención axeitada en tempo e forma para minorar as secuelas, problemas para o recoñecemento de prestacións, de apoios para a normalización das relacións familiares, sociais e laborais etc.

No tratamento do DCA o tempo de resposta á hora de comezar coa rehabilitación é fundamental para reducir as secuelas. As listas de espera para iniciar a terapia nalgúns especialidades supoñen perder tempo vital para reducir as secuelas. Isto tería como consecuencias positivas que as persoas coidadoras terían menos cargas e avanzaríamos en aspectos como a incorporación laboral.

Estas son demandas que nos son trasladadas desde o movemento asociativo do Dano Cerebral Adquirido, e por esa razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

-Non considera preciso o Goberno Galego poñer en marcha unha estratexia galega de atención as persoas con dano cerebral adquirido?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai crear a categoría diagnóstica “Dano Cerebral Adquirido” que poña en marcha este proceso de rehabilitación especializada á alta hospitalaria?

-Non considera necesario crear un censo de persoas con DCA para dimensionar de forma adecuada os recursos necesarios?

-Vai garantir a atención en tempo e forma, sen listas de espera, para evitar secuelas derivadas das demoras na rehabilitación?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 12:59:11

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 12:59:15



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 12:59
Nº Rexistro: 35666
Data envío: 03/09/2018 12:59:40.423

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 12:59:17

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 12:59:18

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 12:59:20

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 12:59:21

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A mediados do mes de agosto, unha veciña do Concello de A Estrada tiña que ser hospitalizada de urxencia e operada polo brutal ataque feito por un grupo de cinco cans. A muller, de avanzada idade, sufriu graves feridas na cabeza, pescozo, pés e brazos. Os cans, son propiedade dun veciño da zona e campan sen control pola aldea dende o ano 2016 – o mesmo propietario recoñeceu publicamente que “viven en manada e liberdade” –, nunha finca duns 5.000 m².

Dende hai varios anos, os veciños puxeron denuncias ante o SEPRONA polo medo e porque eses cans xa mataran a varios animais da aldea, e o SEPRONA trasladou informes á Consellería de Medio Ambiente e ao Concello de A Estrada, mais ningún deles moveu nin un papel e botan balóns fóra. Agora o asunto está nun dos Xulgados de Instrución da localidade.

Segundo informacións do propio Concello, polo menos un destes cans é de raza potencialmente perigosa, mais o propietario negouse a entregalo e a facilitar a entrada no seu domicilio e na finca aos axentes do SEPRONA. *“No fue tan grave como parece pero está claro que la culpa es mía. Se me escaparon por debajo del alambre. La finca es muy grande y muchas zonas solo tienen alambre. Los perros escarban y terminan pasando por debajo. Esta vez la vieron venir y fueron a por ella”*, dixo aos medios de comunicación.

Dende o día 3 de xaneiro deste ano, Galicia ten unha lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía (lei 4/2017, de 3 de outubro), que establece multitude de obrigas para os propietarios de animais e de cans de razas potencialmente perigosas, para os Concellos e para a propia Consellería de Medio Ambiente, que son os competentes en materia sancionadora.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Grupo Parlamentario

- 1.- Cumpre o Goberno da Xunta de Galicia a lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía (lei 4/2017, de 3 de outubro)?
- 2.- Ten coñecemento o Goberno do acontecido no Concello de A Estrada?
- 3.- Que pasou cos informes que xa existían do SEPRONA?
- 4.- Sabe o Goberno se o propietario dos cans tiña algunha clase de seguro de responsabilidade civil? Comprobouno?
- 5.- Sabe o Goberno se a propiedade cumpre as condicións axeitadas, tamén para cans perigosos, que esixe a lei 4/2017?
- 6.- Sabe o Goberno se están eses cans identificados?
- 7.- Sabe o Goberno se o propietario tiña licenza municipal para a súa tenza e para esas instalacións?
- 8.- Sabe o Goberno se está ese can potencialmente perigoso inscrito no Rexistro Municipal? Fixo o Goberno algún recoñecemento dese animal?
- 9.- Recibira o Goberno algunha comunicación municipal da tenza de máis de 5 animais?
- 10.- Vai tomar o Goberno algunha medida provisional, como a retirada dos cans e/ou o peche das instalacións?
- 11.- Ten solicitado o Goberno á autoridade xudicial, como fixo o SEPRONA, a entrada no domicilio?

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/09/2018 12:59:14

Raúl Fernández Fernández na data 03/09/2018 12:59:21

María Luisa Pierres López na data 03/09/2018 12:59:27



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:02
Nº Rexistro: 35670
Data envío: 03/09/2018 13:02:23.376

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

1. As listas de agarda nos Centros de Saúde de Combarro e Anafáns estanse incrementando como consecuencia da decisión da Xunta de Galiza de non substituír ao persoal sanitario cando está de baixa ou de permiso. Hai esperas de máis de doce días para unha consulta co médico de cabeceira e para as analíticas. Moitas persoas que precisan dun seguimento personalizado agora non poden ser atendidas, ocasionando trastornos no seu tratamento, e en moitos casos vense obrigadas a acudir as Urgencias, co conseguinte colapso deste servizo. O persoal sanitario está a soportar unha sobrecarga de traballo, chegando mesmo a prolongar a súa xornada laboral, ao ter que atender o cupo de compañeiros.

2. O concello de Poio leva xa demasiado tempo esperando por un Centro de Saúde dotado de medios materiais e humanos como correspondería para unha poboación de máis de 17.000 habitantes que no período de verán duplicase. Pero a falta de compromiso da Xunta de Galiza coa Atención Primaria está a deteriorar gravemente a asistencia sanitaria no Concello de Poio. Para dar resposta a esta situación e corrixir as graves carencias que existen na actualidade, a Consellaría de Sanidade debe axilizar os trámites para a construción do Centro de Saúde que se merece Poio, e ademais debe asumir o compromiso de manter as actuais infraestruturas sanitarias de Combarro e Raxó.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

3. A reforma da Lei de Saúde de Galiza que o PP pretende levar adiante, en contra dunha maioría de cidadáns que así o manifestaron o pasado día 4 en Santiago, ven agravar aínda máis as carencias da Atención Primaria, restándolle recursos materias e humanos. O Partido Popular está empeñado en cambiar o actual modelo de sanidade pública gratuíta e universal por un sistema privatizado, detraendo recursos económicos públicos e transferíndoos ao sistema privado a través de concertos e desvío de doentes do sistema público. A Reforma da Lei de Saúde que propón está pensada para dotar ao SERGAS de mecanismos legais que permitan baleirar o actual sistema público en beneficio da sanidade privada.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Cales son as previsións da Xunta de Galiza a respecto do novo centro de saúde de Poio en canto a prazos de construción, orzamento, prestacións e servizos?
2. Prevé manter os consultorios periféricos de Raxó e Combarro, tal e como ven reclamando a corporación Municipal de Poio.
3. Que medidas pensa adoptar para rematar coas listas de agarda en Poio (consecuencia de non cubrir as baixas dos facultativos en situación de Incapacidade ou licenza Temporal)?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:02
Nº Rexistro: 35670
Data envío: 03/09/2018 13:02:23.376

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 13:01:47

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 13:01:53

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 13:01:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 13:01:55

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 13:01:57

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 13:01:58



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a resposta ora en Comisión**, relativa á efectivización de medidas sobre a endometriose.

A endometriose é unha doenza crónica que se caracteriza polo crecemento do tecido do endometrio fóra da súa localización habitual, a mesma afecta en Galiza a unhas 60.000 mulleres.

O descoñecemento sobre esta doenza segue a ser alto, entre as propias mulleres, mais tamén entre moit@s profesionais da sanidade, por esta razón a asociación “querENDO” trasladounos aos grupos con representación no Parlamento galego unha iniciativa en demanda de medidas tanto para abordar a enfermidade como para a súa visibilización e coñecemento. Deste xeito a comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrado o 22 de abril de 2015 aprobou por unanimidade a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia e, en particular, a Consellería de Sanidade, a:

1. Difundir a Guía de coidados a mulleres con endometriose publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, entre os profesionais e as profesionais sanitarias que atenden a estas mulleres (persoal de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:29
Nº Rexistro: 35675
Data envío: 03/09/2018 13:29:36.311

xinecoloxía, persoal de medicina en atención primaria, persoal de enfermaría, matronas e matrones...) co fin de mellorar a atención que reciben as enfermas con endometriose.

2. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de poñer en marcha un Plan de detección precoz da endometriose.

3. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de levar a cabo a de unidades de endometriose especializadas e multidisciplinares nos hospitais públicos de Galicia.

4. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de facilitar as derivacións das pacientes con endometriose grao IV a unidades especializadas, incluíndo outras áreas sanitarias (mesmo fóra de Galicia) mentres non as haxa na área propia da doente ou as existentes non poidan asumir todos os casos.

5. Fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil e de maneira singular entre as menores de 25 anos.

6. Transmitir aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia a necesidade de fomentar a investigación sobre a endometriose”.

Tendo transcorrido case tres anos desde a aprobación da iniciativa, os avances na posta en marcha das medidas contempladas na mesma son moi escasas, por esa razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é a razón para que a Consellaría de Sanidade non teña posto en marcha todas as actuacións referidas á endometriose, aprobadas por unanimidade, na comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego na súa sesión do 22 de abril de 2015?

-Ademais das consultas específicas de endometriose que hai en Vigo, Ourense e na Coruña -con 2 xinecólogas asignadas por servizo e que non consultan todos os días- está previsto poñer en funcionamento algunha máis? Se é así cales son as datas e a que áreas sanitarias afectaría?

-Hai algún estudo de cantas mulleres con endometriose están atendidas en servizos que non dispoñen de consultas específicas de endometriose?

-Hai algunha previsión de transformar esas consultas específicas de endometriose en unidades multidisciplinares? Cando? Cales?

-Que se vai facer coas mulleres con endometriose de grao 4 mentres tanto? Hai previsión de derivalas a algunha unidade multidisciplinar de fóra? Estudouse algún acordo con La Paz ou co Clinic de Barcelona?

-Fíxose algunha acción divulgativa destinada a mozas de menos de 25 anos? en que consistiu?

-Hai neste momento en Galicia algún proxecto de investigación que aborde a endometriose? Onde? Con que orzamento? Hai previsión de que algún dos institutos de investigación públicos abra algún?

-Teñen pensado poñer en marcha algunha campaña de ovodoazón dende o SERGAS ou dende a axencia galega de doazón? Como cren que van chegar os óvulos se non se está comunicando a necesidade deles?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:29
Nº Rexistro: 35675
Data envío: 03/09/2018 13:29:36.311

-Porqué, nun país cun problema demográfico como o que temos, se lles poñen tantas trabas ás mulleres que queren ser nais e se fai o posible para facer inoperativas as consultas de fertilidade condenándoas á privada sistematicamente?

-Hai algún plan para mellorar o coñecemento da doenza por parte dos profesionais?

-Hai algún plan para poñer en práctica a Guía de atención a mulleres con endometriose?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 13:03:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:29
Nº Rexistro: 35675
Data envío: 03/09/2018 13:29:36.311

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 13:03:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 13:03:38

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 13:03:39

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 13:03:41

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 13:03:42

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando e Paula Vázquez Verao, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Os Punto de Encontro Familiar (PEF), regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, son un equipamento destinado a facilitar e preservar a relación entre menores e persoas das súas familias en situacións de crise, procurando a seguridade e benestar das e dos menores.

Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo.

A intervención dos puntos de encontro familiar terá carácter temporal e desenvolverana profesionais nun lugar neutral e terá como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva.

A maioría de casos que atende o Punto de Encontro Familiar (PEF) de Vigo, xestionado pola Asociación Camiña Social, están relacionados con nais e pais separados con fillas e fillos en común que teñen mala relación. No centro tamén levan a cabo visitas que de proxenitores e proxenitoras ou familiares que non



teñen a custodia das e dos menores, xa sexa porque están tuteladas ou acollidas. Ademais, o PEF serve como punto de intercambio en casos onde existe unha orde de afastamento por unha condena de violencia de xénero.

Aínda que o obxectivo deste servizo é "favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos para manter a relación con ambas as persoas proxenitoras despois da súa separación", este verán o PEF de Vigo pechou durante dúas semanas: do 13 ao 26 de agosto, ante a falta de persoal para cubrir as vacacións das traballadoras.

Non se ten en conta que é época de vacacións, e os pais e nais necesitan máis este servizo, polo que as nais e pais teñen que buscar alternativas con axuda da familia. En casos de condenas por violencia de xénero, isto implica situacións desagradables.

O peche desta instalación dependente da Xunta causa polo tanto un problema grave a un número importante de menores e, aproximadamente, a 200 familias.

As persoas usuarias do Punto de Encontro Familiar solicitan e necesitan que o centro estea aberto os 365 días do ano. Ademais, o lugar onde se atopa, Rúa Portela, está moi mal comunicado en cuestión de transporte público, e os accesos ao centro son por rúas estreitas, o que pode dar inseguridade á vítima de atoparse co maltratador.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Considera a Xunta a posibilidade de dotar de recursos suficientes ao Punto de Encontro Familiar de Vigo para permitir o seu funcionamento todo o ano?



Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Paula Vázquez Verao

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 03/09/2018 16:46:00

Marcos Cal Ogando na data 03/09/2018 16:46:07

Paula Vázquez Verao na data 03/09/2018 16:46:14

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

O Grupo Sargadelos é unha sociedade limitada que ten como principal accionista a empresa Cerámicas do Castro S.L. dende 1949, contando, en total, con media ducia de accionistas.

As orixes do grupo Sargadelos están no inicio do século XIX, coa fábrica de cerámica que creou en Cervo Antonio Raimundo Ibáñez; fábrica que pechou en 1875, sendo resucitada dende 1949 por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, entre outros.

Desta empresa, na que é indisoluble a parte mercantil da cultural, é da que se fai cargo o administrador único desde maio deste mesmo ano 2018, Segismundo García.

O grupo Sargadelos saldou hai tempo unha débeda bancaria coa venda de tres inmobles históricos e vinculados ao grupo. Entre estas vendas destacan o edificio do Instituto Galego de Información (IGI), en Santiago de Compostela, o do edificio histórico que albergaba a galería de arte e a tenda de Sargadelos, no centro histórico, mercado por FINSA, e o Laboratorio de Industria e Comunicación (LICSA) en Sada.

Unha quita do 50% da débeda nalgúns casos, aceptada polos acredores, e polo xulgado, posto que a empresa solicitara de xeito voluntario o concurso de



acreedores, recuperou vendas e obtivo xa no ano 2015 un montante de 70.000 euros de beneficios.

Todas esas vendas dos inmobles permitiron acadar e pagar a débeda que superaba máis dos 3 millóns de euros coas entidades financeiras (La Caixa, Santander, Abanca e BBVA) e os 750.00 euros que a mercantil debía a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Pendientes quedan arredor de 5 millóns de euros e a débeda contraída co Fondo de Garantía Salarial de 10,5 millóns de euros.

O conxunto de Sargadelos en Cervo foi catalogado como conxunto histórico artístico en 1972 e como BIC.

O 17 de agosto de 2018, nunha rolda de prensa, o Administrador do grupo Sargadelos convocou ao persoal da fábrica de Cervo para anunciar por sorpresa 49 despedimentos, atribuíndo tal decisión á presión sindical. Para o Administrador de Sargadelos cómpre rebaixar os salarios e admite que a súa actitude é un “pulso” aos sindicatos.

Deste xeito, o grupo Sargadelos leva 20 despedimentos en Cervo, tanto de novas persoas empregadas como de veteranas, despedimentos que, con moita probabilidade, serán nulos.

Co seu proceder, o Administrador único de Sargadelos está xogando co legado de Sargadelos e co emprego na fábrica de Cervo.

A actual dirección do grupo amosa unha falta de respecto pola lexislación laboral vixente e polos dereitos laborais básicos, xa que o grupo empresarial cometeu numerosas infraccións no ámbito laboral, o cal non só vai contra os dereitos laborais, senón tamén contra o futuro da propia empresa en Cervo.

Está activado un acto de conciliación por parte do Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Xunta.



Sargadelos é unha marca emblemática ligada á historia de Galiza; os seus edificios, as coleccións, o legado cultural... son Patrimonio do pobo galego.

Sargadelos é máis que unha fábrica de artigos decorativos: era unha editorial (Edicións do Castro), un Laboratorio de Formas que garantía unha dirección artística e un conxunto de proxectos que son Patrimonio inmaterial colectivo, malia que a actual administración do grupo deturpara este cometido.

Polo anteriormente exposto, a deputada e deputado que subscriben, preguntan á Xunta:

1. Que ten que dicir a Xunta ante a vulneración de dereitos laborais de traballadores e traballadoras en Sargadelos?
2. Que vai facer a Xunta ante a ameaza de peche da fábrica de Sargadelos en Cervo?
3. Que vai facer a Xunta para manter o legado cultural de Sargadelos?
4. Vai a Xunta conceder axudas públicas ao grupo Sargadelos mentres persista o desprezo polos dereitos laborais?
5. Vai a Xunta impulsar algún outro proceso de mediación?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 03/09/2018 16:52:31

Luis Villares Naveira na data 03/09/2018 16:52:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Asistimos non fai moito tempo a gravísimas situacións de vulneración do dereito a saúde sexual e reprodutiva das mulleres así como ao dereito da interrupción do embarazo, con derivacións fóra do territorio galego provocando verdadeiros riscos para a saúde das mulleres afectadas.

Todo isto nun contexto de desmantelamento progresivo de servizos públicos que teñen afectado de xeito moi duro ao dereito á saúde así como axudado a aumentar aínda máis a desigualdade existente entre homes e mulleres, sendo as mulleres as que sempre teñen máis que perder.

Pero ademais da saúde sexual e reprodutiva ou as enfermidades xinecolóxicas, en materia sanitaria a atención á saúde das mulleres, tamén debe terse en conta en enfermidades comúns que poden manifestarse con signos e síntomas diferentes, así como no estudo de factores sociais e culturais que afectan tanto física como psiquicamente ás mulleres, debendo ser reforzado todo isto con recursos públicos suficientes que permitan dar cumprimento aos plans elaborado, coa finalidade de mellorar en conxunto a saúde das mulleres.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Ten informes a Consellería de Sanidade sobre o grao de cumprimento do Plan Integral de asistencia ás mulleres?
- Cales foron os recursos e mecanismos dos que se dotou ao SERGAS para poñer en marcha dito Plan?



- Que medidas tomou o Goberno galego para garantir a interrupción voluntaria do embarazo e os dereitos sexuais e reprodutivos nos centros da rede sanitaria pública?
- Cando pensan cubrir as demandas dos Centros de Saúde de Atención Primaria, especialmente no rural?
- Como se está a aplicar o plan de asistencia as mulleres no ámbito da Atención Primaria?
- Como se está a aplicar o plan de asistencia ás mulleres no ámbito da Atención Especializada?
- Que medidas vai a garantir o Goberno para dar cumprimento ás prestacións no servizo público en materia de saúde sexual e reprodutiva e planificación familiar?
- Que política está levando a cabo a Consellería de Sanidade en materia de anticonceptivos e métodos de prevención de transmisións de enfermidades sexuais para as mulleres?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 12:04:45

Á Mesa do Parlamento

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a.

A pesares das múltiples evidencias que as fórmulas de colaboración público-privadas na posta en marcha de centros hospitalarios, teñen pésimos resultados e elevados custos para o conxunto da sociedade, o Goberno de Feijóo decidiu realizar este tipo de Xestión para o Novo Hospital de Vigo.

O modelo PFI tradúcese nunha ineficiente Xestión privada do mantemento, provisión enerxética e servizos do centro, con consecuencias negativas para os servizos privatizados como o da cociña, lavandaría, mantemento...

Esta semana, coñecíamos as denuncias que están a facer dende o Hospital en relación a situación coas bolsas da roupa sucia, circunstancia da que xa se teñen queixado en outras ocasións e que está a ocasionar conflitos laborais.

En primeiro lugar encomendouse ao persoal de limpeza, que denunciaron que dita labor non viña recollida no prego de condicións e que ademais restáballes tempo para o aseo doutras zonas, tendo en conta a plantilla de mínimos na que se atopan.

Agora, a labor acaba de ser encomendada a Auxiliares de enfermería por orde da Dirección do complexo hospitalario, pero a Comisión de Centro de Atención Especializada, denuncia que estas función non son propias da súa categoría e non se atopan incluídas no Estatuto, concorrendo unha situación parecida á do persoal de limpeza en tanto que teñen que deixar outras tarefas como a propia atención a pacientes e tendo en conta que se trata dun colectivo que xa de por si sofre unha excesiva carga de traballo por mor dos recortes.



Os PCAP do contrato do Novo Hospital de Vigo contempla varias figuras que permiten á Xunta de Galicia velar polo correcto cumprimento dos servizos dos que se ten que facer cargo o concesionario así como da correcta execución dos mesmos, tanto mediante a Comisión Mixta de Seguimento á que se lle encomenda entre outras función a de “supervisar a execución ordinaria da prestación de servizos por parte do concesionario”, ou mediante persoa que a Administración designe como representante no Consello de Administración, á que os PCAP outórganlle as función de “vixilancia no cumprimento das obrigas do concesionario e cantas función de certificación e informe sexan necesarias. En particular, examinará e comprobará os libros e contas da citada sociedade e inspeccionará, no seu caso, todas as instalacións e servizos”.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- Cales son os informes da Comisión Mixta de Seguimento en relación a execución ordinaria da prestación de servizos por parte do concesionario?
- Que papel está a xogar a persoa que representa a Administración no Consello de Administración en canto a trasladar as situación precarias nas que se atopan os servizos privatizados?
- Que pensa facer o Goberno ante este conflito coa roupa sucia?
- Dende cando ten coñecemento o Goberno desta situación?
- Vai a Xunta de Galicia a seguir beneficiando o lucro da concesionaria a costa do orzamento público e o sobreesforzo do persoal?



- Ten pensado a Xunta de Galicia rectificar na súa decisión de apostar pola fórmula de colaboración público-privada na sanidade, tendo en conta as múltiples eivas e pésimos resultados para o interese xeral?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 12:48:21

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Despois da inspección de oficio realizada no Psiquiátrico de Conxo polo Mecanismo Nacional para a Prevención da Tortura da Oficina do Defensor del Pueblo, foi emitido por este organismo un informe que aporta conclusións alarmantes sobre o funcionamento do psiquiátrico e que xunto cunha denuncia efectuada pola asociación do Defensor do Paciente ante a fiscalía, provocou a apertura de dilixencias de investigación por parte desta.

O informe constata denuncias que xa foron emitidas por asociacións de pacientes e profesionais en relación a insuficiencia de recursos axeitados para atención, instalación obsoletas e carencias en determinados procedementos que provocan deterioro nos dereitos das persoas enfermas.

Conxo é a única institución de hospitalización psiquiátrica prolongada que queda en Galicia, dende que se iniciou a reforma na saúde mental que levou a peche dos centros de Castro de Rei, Toén e Rebullón.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Que actuacións vai a levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer solución aos erros manifestados no informe?
- Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia en relación ao informe emitido?
- Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia ante a apertura de dilixencias por parte da Fiscalía?



- Cal é o motivo para que en todo este tempo, non se realizase ningún tipo de actuación no Psiquiátrico de Conxo?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 13:34:07

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

No mes de abril detectouse un grave problema nos hospitais de Vigo en relación a un polvo branco atopado en contedores que levan a quirófano o instrumental.

Este suceso, levou á cancelación de bastantes operacións e a posta en marcha dunha investigación para saber cal era a causa do problema.

A empresa privada provedora dos contedores, anunciou a posta en marcha dun análise para detectar o problema e ao mesmo tempo, o SERGAS contratou un laboratorio para levar a cabo outra investigación paralela.

A día de hoxe, aínda nada se sabe en relación ás investigacións levadas a cabo pese a que, segundo información pública, o SERGAS xa recibiu informes sobre o sucedido.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- É coñecedor o Goberno deses informes?
- Por que non os fixo públicos?
- Cando teñen pensado facer públicos os informes?
- Que medidas vai tomar para resolver esa situación?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.



Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 13:12:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Traballadores do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, están a denunciar a privatización encuberta de servizos de psicoloxía na EOXI, a través de convenios entre o SERGAS e entidades como Cruz Vermella e A Fundación La Caixa para a atención psicosocial de persoas con enfermidade avanzada.

Este convenio, ten o seu ámbito de aplicación na hospitalización, consultas externas, HADO, hospital de día, AP e domicilio, que é canalizado mediante o Servizo de traballo social e actualmente está formado por catro psicólogas clínicas.

Esta circunstancia, resulta totalmente contraditoria coa negativa do SERGAS de dotar de máis profesionais públicos o Servizo Galego de Saúde nesta especialidade, argumentando que non existe tal necesidade, pese as múltiples demandas por parte deste colectivo que advirten dun aumento de trastornos mentais na poboación que en moitos casos son tratados cun exceso de fármacos.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Por que se leva a cabo este convenio con entidades privadas en lugar de dotar de máis medios o sistema público?
- Onde está publicado o convenio de colaboración entre Cruz Vermella, a Fundación La Caixa e o SERGAS?
- Existen máis convenios deste tipo nas outras EOXIS?



- Ten pensado o Goberno aumentar o número destes profesionais no sistema público?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 13:43:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:12
Nº Rexistro: 35749
Data envío: 03/09/2018 17:12:20.110

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O grave e progresivo envellecemento do territorio rural de Galicia e o despoboamento e abandono progresivo e desmedido da actividade agrogandeira fan que os problemas estruturais e de xestión deste territorio se agraven e presenten un grande reto para o futuro da sociedade galega en xeral.

Unha das moitas respostas a este reto está en volverlle o protagonismo a un actor esencial no pasado do noso pobo: a castaña e o castiñeiro.

A demanda crecente debido á escaseza deste froito para abastece-lo mercado interior e internacional, xunto coas idóneas condicións climatolóxicas, edáficas e culturais que ofrece este noso País fan que teñamos na castaña unha alternativa viable e con futuro, unha esperanza a curto prazo no camiño dunha imprescindible recuperación do rural no poboamento e xestión do territorio.

Expertos de prestixio aseguran que o rendemento anual dunha hectárea de castiñeiro adicado a froito anda entre os 7.000 e os 11.000 euros por Ha. e ano, tendo logo un valor engadido moi superior no procesado e transformación do produto.

A demanda deste froito a nivel estatal e para a exportación medra ano a ano acadando prezos que fan altamente rentable o seu cultivo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ás vantaxes económicas deste cultivo debemos sumar o papel que podería xogar coma factor de discontinuidade nas masas forestais e de matogueira actuando coma franxa de seguridade e coma ralentizador nos lumes, principalmente cando as condicións son críticas.

Por outra banda as condicións de investigación, identificación de variedades de froito, clons híbridos resistentes á tinta, recuperación de soutos centenarios e basicamente a calidade dos froitos e a súa consideración internacional, afianzan as posibilidades estruturais presentes e máis futuras dun sector forte e dinámico con peso propio.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-É consciente o Goberno Galego da importancia do cultivo e procesado da castaña e do papel que poden xogar para recuperar dinamismo económico e fixación de poboación no rural?

-Ten previsto o Goberno Galego algunha medida que aborde de xeito apreciable a expansión do cultivo da castaña?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:12
Nº Rexistro: 35749
Data envío: 03/09/2018 17:12:20.110

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 17:11:25

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 17:11:30

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 17:11:32

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 17:11:33

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 17:11:36

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 17:11:37

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

O deterioro da sanidade pública en Galicia, responde a unha estratexia de desmantelamento do sistema público en beneficio da sanidade privada.

Segundo reflexan os últimos informes de fiscalización, tanto das contas como da contratación do Servizo Galego de Saúde, realizados polo Consello de Contas, advírtese por parte deste organismo a natureza “estrutural” dos concertos coa sanidade privada, evidenciando que non se está a empregar este recurso de xeito complementario cando existe unha necesidade puntual no sistema público, si non que este tipo de concertos forman parte da arquitectura e o deseño que se está a facer da sanidade en Galicia.

Conclusións que poñen sobre o papel unha realidade que tanto pacientes como profesionais viven día a día.

O venres da semana pasada saía publicado no DOG Núm. 54 a Resolución do SERGAS do 2 de marzo polo que se anuncia a licitación para a contratación de servizos sanitarios na área de Xestión sanitaria da Coruña.

Unha licitación de case 100 millóns de euros para a prestación de servizos sanitarios que abarcan dende consultas, a procesos médicos cirúrxicos, probas diagnósticas e terapéuticas, así como o servizo de hemodiálise hospitalaria. Unha evidencia total da falta de vontade política de dotar de medios o Servizo Público de Saúde para mellorar a calidade asistencial do mesmo.



O catálogo de prestación sanitarias chama a atención pola súa extensión, pero tamén chama a atención nos pregos, o contemplando en canto á mobilidade de profesionais do SERGAS para prestar servizos nos centros concertados.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Cal é a xustificación do Goberno para recorrer de xeito estrutural á prestación de servizos no SERGAS por medio de concertos coa sanidade privada?
- Cal é o motivo de non dotar o SERGAS con medios suficientes para poder prestar asistencia sanitaria sen necesidade de recorrer a macro concertos coa privada?
- Por que a pesar de existir plantas pechadas no CHUAC se toma a decisión de acudir á sanidade privada?
- Considera o Goberno que ante esta situación de abuso no uso dos medios privados para a prestación sanitaria está garantindo a mesma calidade asistencial?
- Que tratamento se está a dar ás persoas que rexeitan ser tratadas na sanidade privada porque prefiren acudir á pública?
- Ten feito o Goberno algún cálculo sobre os medios dos que podería dotar a EOXI de Coruña cos cartos que está a destinar nestes concertos?
- Que sucede co persoal sanitario público que non quere traballar na privada tal e como contempla o acordo marco?
- Que tipo de negociación sindical ten feito ou vai a facer respecto ao persoal sanitario público que segundo o acordo marco ten que ser sometido a mobilidade forzosa?
- Vai a asumir responsabilidades o Goberno por ter incumprido a promesa de non privatizar os servizos sanitarios?



Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Depudada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 12:21:41



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á atención da cirurxía pediátrica en Ourense.

A sanidade debера ser entendida por parte da Administración galega como un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas, máis aínda cando falamos da poboación infantil. Porén, para o caso de Ourense as decisións durante anos dos gobernos Feijóo camiñaron en dirección contraria. Así as cousas, durante os primeiros días do mes de outubro de 2013 coñeceuse publicamente a confirmación da decisión unilateral do SERGAS de constituír para a cirurxía pediátrica unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza.

Esta decisión supuxo na práctica que moitas familias e crianzas de Ourense que precisen deste servizo fóra da xornada ordinaria e da programación teñan que desprazarse a Vigo para o empregar. Para as crianzas e para as persoas da súa contorna persoal, desprazarse a Vigo supón un esforzo e unha complicación, máis aínda cando se trata de nenos e nenas de fóra da cidade ou das poboacións achegadas á conexión con Vigo.

No ano 2018, malia o incremento de capacidade orzamentaria, non houbo rectificación algunha. Desde o BNG entendemos que esta situación non está xustificada e obedece unicamente á consolidación de políticas en materia de recortes que vén



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:27
Nº Rexistro: 35760
Data envío: 03/09/2018 17:27:10.235

aplicando o goberno do Partido Popular desde a chegada de Feijóo á presidencia da Xunta. Máis aínda, durante este ano este grupo parlamentar recibiu denuncias de persoas afectadas que referiron o empeoramento do servizo chegando a vivir situacións nas que os preoperatorios caducaron e se incumpriron os prazos de agarda fixados pola normativa. Polo tanto, varios anos despois da implantación do sistema, urxe a súa revisión.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que actuacións levará a cabo a Xunta de Galiza para corrixir as deficiencias na atención de cirurxía pediátrica das e dos doentes de Ourense?
- Ten pensado o goberno galego rectificar a súa decisión de unificar a atención da cirurxía pediátrica das áreas de Vigo e Ourense?
- É consciente o goberno galego das dificultades e mesmo situacións traumáticas que pode supoñer para unha crianza de, por exemplo, o Ourense oriental, desprazarse até Vigo para unha intervención?
- Ten cuantificado o goberno galego o gasto económico e de recursos persoais e materiais que supoñen estes desprazamentos para o SERGAS?
- Como valora o goberno galego a ratio de espera das persoas doentes de esta área?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:27
Nº Rexistro: 35760
Data envío: 03/09/2018 17:27:10.235

- Considera o goberno galego que a precarización da atención dun servizo elemental para a seguridade da poboación infantil contribúe a fixar poboación e reverter a crise demográfica?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 17:24:49

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 17:24:54

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 17:24:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 17:24:57



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:27
Nº Rexistro: 35760
Data envío: 03/09/2018 17:27:10.235

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 17:24:58

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 17:25:00

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Ao longo do verán evidenciouse a falta de recursos na Atención Primaria, consecuencia das políticas de recortes, con especial repercusión na falta de profesionais, o que impide a substitución de vacacións, a cobertura das prazas de pediatría ou unha correcta atención nos Puntos de Atención Continuada.

O caso de Arcade é un máis que se une a este importante déficit do sistema público, xa que fai anos que o Centro de Saúde de Arcade padece importantes deficiencias como a masificación dos cupos de Atención Primaria e pediatría con máis de 1.500 tarxetas en adultos e máis de 1000 menores de 14 anos e cun poboación infantil en aumento, o que obriga as persoas doentes a esperar días a ser atendidas.

Ademais, na época estival, a poboación aumenta en máis de 10.000 persoas, pero os servizos polo contrario diminúen, pechando consultas de medicina familiar de pediatría ao non substituírse ao persoal que está de vacacións.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Considera o Goberno que é normal manter un Centro de Saúde nestas condicións?
- Cando pensa dotar o Centro de Saúde de Arcade de profesionais suficientes para facer fronte á demanda asistencial?



- Non considera o Goberno que o número crecente de centros de saúde sen persoal suficiente indica a necesidade de novas prazas no conxunto da atención privada?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 13:53:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Fai dúas semanas, Galicia atopouse en estado de alerta laranxa polas altas temperaturas. Unha situación que afectou dun xeito significativo no aumento da demanda de servizos de urxencias, que unha vez máis levounos a comprobar a falta de previsión por parte da Xunta de Galicia ante estas situacións e similares.

Este golpe de calor, afectou de xeito significativo no aumento exponencial da demanda de urxencias, deixando en evidencia a falta de previsión por parte da Xunta de Galicia así como os recortes de servizos esenciais como a asistencia sanitaria no transporte urxente.

Un exemplo do anterior, é o acontecido nesas datas en Nigrán, onde faleceu unha muller por infarto. Durante o suceso, a ambulancia con base en Nigrán estaba ocupada, polo que lle correspondería á de Baiona, pero dende o 2011 polos recortes levados a cabo polo Partido Popular, a ambulancia de Baiona non estaba operativa, ao funcionar solo de domingo a xoves en horario de 22h a 10h.

Esta circunstancia motivou a necesidade de que se desprazase a ambulancia de Mos, o que aumentou o tempo no que ambulancia tardou en chegar.

Ademais do anterior, tamén se produciu colapso do servizo de urxencias en Pontevedra no que foi necesario que a ambulancia de Cangas fixese servizo en Bueu e trasladase a Pontevedra.



As e os profesionais levan moito tempo denunciando os recortes e a precarización do servizo de transporte urxente, así como o servizo da asistencia sanitaria urxente en global.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Ten pensado a Xunta de Galicia escoitar ás e os profesionais sanitarios a fin de reforzar os servizos necesarios para evitar estes acontecementos?
- Como valora a Xunta de Galicia estes sucesos?
- Considera axeitado o número de servizos dispoñibles para emerxencias sanitarias?
- Considera axeitado o número de servizos de urxencias, emerxencias e traslados?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 09:46:01

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727